



**Documento base
sobre o marco político e a acción sindical**

Congreso

1 Limiar

Afortalar a loita, garantir os dereitos e as liberdades

O proceso actual de agresión á clase traballadora en particular, e a Galiza en xeral, demanda do sindicalismo nacionalista este compromiso.

Temos moitas razóns para fundamentalalo; porque fica claro que a economía está ao servizo do poder; porque o seu obxectivo é o lucro e para isto tenta rachar con calquera regulamentación e cos dereitos acadados pola clase traballadora; porque as consecuencias son un poder económico-financeiro e militar máis concentrado.

Porque as agresións imperialistas contra a soberanía das nacións teñen a súa orixe no imperativo do capitalismo, rendibilidade económica a calquera prezo, que está a laminar os dereitos sociolaborais e a protección do traballo en nome da nova coartada do neoliberalismo, a globalización.

Porque son tempos de involución españolista, tanto política, sociolaboral como sindicalmente, baseada no seu monopolio lexislativo e na falla de soberanía política de Galiza.

Afortalar a loita quere dicir que precisamos ser unha organización máis forte, mellor estruturada, que fomenta a participación como fórmula para desenvolver aínda máis a nosa potencialidade.

Afortalar a loita significa que debemos dotarnos de mellores medios e actuar en clave de clase e nación para acadarmos avances cuantitativos e cualitativos; demanda un impulso de novos métodos de traballo; exige a implicación de todas as estruturas da central.

Afortalar a loita na defensa dun proxecto nacional de Galiza, dirixido á maioría social e polo tanto con contidos en materia sociolaboral, porque a nosa achega dun Marco Galego de Relacións Laborais pode ter desenvolvemento na actual conxuntura e non se converter só nunha aspiración estratéxica.

Garantir os dereitos exige dunha negociación colectiva alternativa; exige loitar pola igualdade de xénero, contra a precariedade, polo emprego de calidade, polas políticas sociais e os servizos públicos.

Garantir as liberdades significa poder sindicalizarse, poder presentarse nunha lista da CIG ás eleccións sindicais e exercer o dereito á folga; significa non criminalizar o movemento obreiro.

Garantir os dereitos e as liberdades supón demandar que se respecten os nosos dereitos en calquera escala, tanto individuais como colectivos; supón que a liberdade é un concepto aplicábel aos cidadáns e cidadás pero tamén os pobos, porque unha nación sen dereito a exercer a súa soberanía como Galiza non se pode considerar libre.

Afortalar a loita, garantir os dereitos e liberdades sintetiza hoxe o noso compromiso histórico de loita polos dereitos da clase obreira, da nosa nación e de todas as patrias do mundo, que se concreta nas propostas de resolución deste 4º Congreso, desde a seguridade de que a forza da nosa organización sindical irá dirixida prioritariamente a intervir diante dos poderes que hoxe se expresan nas empresas, na sociedade galega e tamén en todos os espazos de actuación en materia sociolaboral, política ou institucional, para que os nosos dereitos como traballadores e traballadoras, e como nación galega, sexan respectados.

2

Análise da situación económico-social e política nos diferentes contextos

Temos que definir a etapa actual como de globalización neoliberal, de centralización e concentración da riqueza. De imperialismo, e polo tanto de recolonización e de aumento da dependencia. De acrecentamento da taxa de ganancias das grandes empresas, aínda que ao mesmo tempo, e como consecuencia do anterior, de recuar sen precedentes das rendas dos asalariados e asalariadas, das condicións laborais e das prestacións públicas esenciais... mais tamén un retroceso económico dos/as pequenos/as empresarios/as, dos/as labregos/as e mariñeiros/as. Vexamos a súa concreción nos diferentes contextos:

1 A situación internacional

Algúns datos sobre os efectos da globalización neoliberal:

- a) Calcúlase que en 1820 o 20% máis rico da poboación mundial gañaba 3 veces máis que o 20% máis pobre; en 1870 era de 7 a 1, en 1913 de 11 a 1, en 1960 de 30 a 1, en 1990 de 60 a 1, en 1997 de 74 a 1. Así mesmo, nada menos que 80 países teñen unha renda inferior á que tiñan hai unha década. O 20% máis rico da poboación do mundo controla o 86% do PIB e o 82% das exportacións mundiais.
- b) Nos Estados Unidos -o modelo a aplicar -, o número de traballadores e traballadoras a tempo parcial pasou entre 1969 e 1994 do 6% ao 12,9%; a diferenza de salarios entre persoal de dirección e operario que era de 41 a 1 en 1975 pasou a 145 a 1 en 1992 (20.000 e 3.700.000 dólares anuais respectivamente). En San Diego (na rica California), con 2.700.000 habitantes existen 80 campos de golf, 5.000 iates, e como contraste hai 40.000 persoas sen teito.
- c) Os réximes neoliberais recorren a “tácticas de choque”, combinando os aumentos dramáticos dos prezos ao consumidor/a con recortes drásticos nos gastos sociais, nos salarios e no traballo estábel. Como resultado os salarios baixaron nun 70% en México, un 30% na Arxentina, un 60% en Bolivia, etc.
- d) O recuar nos salarios, a eventualidade na contratación, o aumento da xornada laboral, a perda de prestacións sociais básicas, non é un feito que atinxa só aos Estados Unidos, tanto con gobernos republicanos como demócratas, ou aos países da periferia. Na actualidade comeza a ser parte das condicións laborais da Unión Europea, tal como se comprobou recentemente nun país tan poderoso e central como Alemaña, en empresas tan importantes como Siemens, Volkswagen, etc.
- e) O aumento da desigualdade social e, polo tanto, da marxinação e da violencia, incrementou o carácter represivo dos países chamados democráticos, do que é un exemplo os Estados Unidos. Este último pasou de 380.000 detencións en 1975, a 1.600.000 en 1995, e o 31 de decembro de 2003 xa eran 2.085.620.
- f) A análise ecolóxica vai parella aos anteriores aspectos analizados. De 1990 até 1995 cada ano desapareceron 101.724 quilómetros cadrados de bosque, e as emisións de dióxido de carbono por persoa pasaron de 11,9 tm a 12,3 tm desde 1990 a 1996.

Este contexto de aumento das diferenzas sociais e territoriais dáse nun escenario con grandes avances tecnolóxicos, malia os cales o medre do PIB é menor que en ningunha etapa posterior á Segunda Guerra Mundial. Nomeadamente, o aumento da renda foi do 4,1% de 1965 a 1980,

1 do 3,3% na década dos oitenta, e do 2,7% de 1990 ao 2002. A globalización, a eliminación de
2 aranceis, a privatización das empresas públicas, a desregulación laboral, o toyotismo, terceiriza-
3 ción, migracións masivas, etc., tiveron até hoxe resultados negativos sobre a economía mundial.
4 E, no fundamental, só serviu para aumentar o poder e a riqueza especialmente dos Estados
5 Unidos, da Unión Europea e, en menor medida, de Xapón... e das grandes empresas.

6 O dito no último parágrafo merece un comentario. Porque a etapa de maior desenvol-
7 vemento da economía mundial coincide co período de descolonización, o alargamento do
8 socialismo real e a existencia dun importante número de “países non alineados”. Ademais
9 é neste intre cando os partidos comunistas, os movementos de liberación e as organiza-
10 cións de esquerda acadan maior forza. En Europa occidental, o movemento obreiro, que
11 foi vangarda na loita contra o fascismo, consegue importantes avances sociais que amplían
12 e consolidan o estado de benestar. Non se pode desbotar a incidencia que xogou nestas
13 conquistas a proximidade e proxección do socialismo real. En poucas palabras: os avances
14 sociais e laborais foron consecuencia dunha determinada correlación de forzas, e reflectiron
15 a íntima asociación entre poder, soberanía, economía e xustiza social.

16 Volvendo á actualidade. O crecemento tan limitado da economía mundial, a globalización,
17 a concentración e centralización, aumentou a competitividade entre as grandes potencias
18 por facerse con novos mercados ou para consolidar os que posúen. Dado a existencia de
19 armamento nuclear e a hexemonía dos Estados Unidos, as grandes potencias non poden
20 resolver as súas contradicións de intereses directamente (pola vía militar), e fano mediante
21 a guerra larvada no eido da economía impondo condicións de sobreexplotación aos países
22 máis débiles e ás clases sociais con menor poder económico e político. Non está á marxe
23 desta tendencia a destrución das identidades nacionais mediante o monopolio da informa-
24 ción, e a desfeita das culturas e linguas nacionais.

25 Ningún estado ou pobo pode fuxir deste marco de globalización neoliberal, que carac-
26 teriza o capitalismo do século XXI. Aínda que en cada un deles, segundo a correlación de
27 forzas e quen detente o poder institucional, a súa historia e capacidade económica e militar,
28 os efectos internos sexan moi diferentes. Temos como exemplos de políticas máis soberanas
29 a Cuba e China; ou a estados como Venezuela, e en menor medida Arxentina e Brasil;
30 países estes últimos onde houbo mudanzas políticas que significaron un freo aos intereses
31 imperialistas hexemónicos dos Estados Unidos, nun proceso non exento de contradicións,
32 onde os intereses da clase obreira e doutras camadas populares ocupan un lugar secundario
33 e máis feble á fronte antiimperialista.

34 Non podemos ignorar que o imperialismo conta hoxe cun poder militar enorme, cun control
35 abafante da información e da cultura de masas, e que utiliza os grandes avances tecnolóxicos
36 como os abelorios modernos. Ao que temos que engadir que o neoliberalismo e a globaliza-
37 ción conseguiron fragmentar a clase traballadora nunha morea de segmentos (funcionariado
38 e persoal laboral, con contrato fixo e eventual, persoas ocupadas e paradas, persoas nativas
39 e inmigrantes, etc.) e polo tanto inseriu diferentes sensibilidades, prioridades, aínda que o
30 emprego, a precariedade laboral e redución dos servizos públicos son eixos unificadores.

41 A fragmentación esténdese a todas as clases sociais populares, que sofren duramente as
42 consecuencias do imperialismo actual, diversificando inquiredanzas e reivindicacións urxentes
43 (condicións laborais, defensa da identidade nacional, igualdade de xénero, protección do
44 ecosistema, etc), polo que só existe unha estratexia común en momentos puntuais. Agora
45 ben, aínda sendo así, dado que o capitalismo deixa cada vez máis xente e países á marxe dos
46 beneficios do sistema, devagar primeiro, e aceleradamente despois, abríranse paso as grandes
47 mudanzas, tal como se reflite na historia da humanidade. Este aumento das contradicións, e a

1 incapacidade do sistema para darlle unha resposta satisfactoria ás reivindicacións das maiorías,
 2 é a súa maior debilidade. Esta febleza estratéxica do proxecto -que non da súa capacidade
 3 para destruír- reflítese claramente no intre actual, cando cada vez máis as grandes potencias
 4 recorren á forza militar, á conquista, ocupación, represión ou á detención de disidentes.

5 Demostración do dito no parágrafo anterior é que, con todas as debilidades expostas, se foi
 6 consolidando nos últimos anos unha alternativa ao imperialismo hexemónico. Vexamos:

- 7 a) A existencia dun pequeno país como Cuba que mantén, despois da queda do socia-
 8 lismo real, a poucas millas dos Estados Unidos a soberanía nacional e un sistema
 9 oposto ao neoliberalismo.
- 10 b) A consolidación de China como unha nova potencia económica, o que dá unha maior
 11 pluralidade ao panorama político internacional e abre novas portas á loita da periferia
 12 pola soberanía.
- 13 c) A masiva e forte guerra de resistencia popular contra a ocupación militar en Iraq,
 14 que desestabiliza e frea os plans imperialistas dos Estados Unidos. Algo que tamén
 15 acontece, aínda que en menor medida, en Afganistán e Haití.
- 16 d) A teimosa loita do pobo palestino pola súa identidade nacional e o control soberano
 17 do territorio, que impide a consolidación en Oriente Medio das grandes potencias.
- 18 e) E, como maior novidade dos últimos anos, o triunfo en Venezuela, Arxentina, Uru-
 19 guai e Brasil de gobernos progresistas, que cuestionan as políticas imperialistas e
 20 procuran novas alianzas estratéxicas. Aínda que moi distintos todos eles, e cun grao
 21 de compromiso nacional e social diferente, demoran os plans dos Estados Unidos
 22 na zona. Venezuela, a Revolución Bolivariana, é a que merece unha maior atención
 23 e da que se poden esperar avances máis importantes.
- 24 f) Con todas as limitacións, o feito de que non se puidese eliminar por medios militares
 25 as zonas controladas polos zapatistas en México, ou a insurxencia das FARC en Co-
 26 lombia; ou que a resistencia popular en Bolivia medre e cuestione gobernos servís
 27 ao imperialismo; etc.

28 Sería moi extenso detallar neste relatorio todos e cada un dos movementos progresistas
 29 e de liberación no mundo. En todo caso semella que hai dúas áreas onde teñen máis pulo:
 30 América latina e o chamado “mundo árabe”. Mais sería reduccionista cinguir a estas zonas
 31 a contestación á globalización e ao neoliberalismo.

32 Sobre o sindicalismo, convén dicir que non está á marxe da fragmentación e da perda de
 33 peso político da clase obreira. Aínda así, non todo o sindicalismo se pregou aos intereses
 34 estratéxicos neoliberais. Hai moitos sindicatos que continúan na procura do socialismo e
 35 moitas organizacións están a xurdir desencantadas coas prácticas entreguistas, a corrup-
 36 ción e a burocracia.

37

38 **Resolucións:**

- 39 **1ª A respecto da situación internacional, entendemos que continúa a centralización e concentración**
 40 **da riqueza, que favorece a uns poucos países e segmentos sociais cada vez máis estreitos. Que**
 41 **a globalización neoliberal, malia os grandes avances tecnolóxicos, deu lugar a un menor crece-**
 42 **mento da economía mundial e a un aumento da marxinación social, destrución sistemática das**
 43 **culturas e linguas, desregulación laboral e redución das prestacións sociais básicas, aumento**
 44 **das emigracións masivas e do desemprego, e a unha preocupante destrución da natureza.**
- 45 **2ª O imperialismo desexa rebaixar estas contradicións, producidas polo aumento das desigualdades**
 46 **entre territorios e na sociedade que inzan o planeta, fraccionando a clase obreira e debilitando**
 47 **as alianzas antiimperialistas, monopolizando os medios de comunicación e da cultura de masas**

1 e, cando isto non chega, limitando as liberdades básicas e mesmo empregando a represión
2 policial e a intervención militar.

3 3ª. Malia a enorme centralización e concentración do poder, o aumento das contradicións tanto cua-
4 litativamente como cuantitativamente e a superación da derrota do “socialismo real” afortalaron
5 os proxectos alternativos xa existentes, fixeron nacer outros novos e deron pulo ás loitas de
6 resistencia contra o imperialismo. Cuba, Venezuela e Iraq son un exemplo. En todo caso, convén
7 salientar que nunca desde a 2ª Guerra Mundial a liberación nacional e a xustiza social estiveron
8 tan unidas como prioridades fronte ao capitalismo neoliberal para a maioría dos pobos do mundo.
9 Un feito, este último, que non é secundario para unha nación sen soberanía como é Galiza.

0

11

12 **2 A Unión Europea**

13

14 A aprobación da Constitución Europea deseña un modelo de estado con grandes caren-
15 cias democráticas, para alén das formais, e no que se sacraliza o libre mercado e se nega o
16 dereito á autodeterminación ás nacións sen estado propio que forman parte da Unión. Entre
17 outros aspectos podemos salientar os seguintes deste texto fundamental, que enmarca a
18 política, a economía e o tipo de sociedade que se quere construír:

19

20 • Aínda que se faga unha defensa verbal dos dereitos individuais fundamentais, es-
21 tes subordinanse ao mercado único e á libre competencia (art. III-69), ou sexa, ás
22 políticas neoliberais (desregulación laboral) e de expansión das grandes potencias
(globalización).

23

24 • O artigo 46 consagra o acceso de lobbies e grupos de presión nos procesos de to-
25 mas de decisión da Unión baixo o rótulo de “Principio de democracia participativa”.
26 A “autonomía” do Banco Central do poder político na práctica coloca este ao servizo
27 dos grandes empresas e non de toda a sociedade.

28

29 • A Constitución afirma que nace da vontade dos cidadáns e cidadás e dos estados
30 (art. 1.1) e que “as competencias da Unión son aquelas que lle atribúen os estados”
(art. 1.9.2) e exige respecto á unidade territorial de cada estado membro, polo que
31 nega o dereito á autodeterminación daquelas nacións sen estado que o soliciten.

32

33 • Non hai un recoñecemento explícito da igualdade entre homes e mulleres, e non se
34 recoñecen os dereitos sexuais e reprodutivos.

35

36 • Aínda que gaña competencias o Parlamento da Unión, ten prioridade o Consello
37 de Ministros en materia legislativa (ou sexa os gobernos dos Estados), xa que pode
38 aprobar en solitario todo tipo de regulamentos e decisións. Mantense a falla de control
39 dos cidadáns e cidadás sobre a UE.

40

41 • Substitúese o dereito ao traballo que figura na maioría das Constitucións dos estados
42 membros polo dereito a traballar, que non garante nada.

43

44 • Os servizos públicos básicos pasan a ser servizos de interese social ou de interese econó-
45 mico xeral (art. III-55, 56 e 57), abrindo as portas á privatización. Os servizos públicos non
46 serán prioritarios na Unión segundo se indica (art. III-12) senón “a política monetaria”.

47

48 • A Constitución Europea marca como finalidade converter a Unión Europea nunha
49 potencia militar. Así no art. I-40.3 dise “os estados comprométense a mellorar pro-
50 gresivamente as súas capacidades militares”.

51

52 • Blíndase calquera futura modificación xa que debe ser por unanimidade, polo que non
53 se pode falar dun primeiro texto ou dun primeiro paso, xa que nace para se manter
54 sen modificacións por moito tempo.

55

1 A esta Lei básica tan negativa temos que engadir que a UE se ten sumado ás intervencións
 2 militares en Haití e Afganistán, e reemprazado as tropas da OTAN en Kosovo e, aínda que se negou
 3 a participar como tal na agresión a Iraq, aceptou formar militarmente ao “novo” exercito iraquí e
 4 as fraudulentas eleccións para lexitimar a ocupación dos Estados Unidos e os seus aliados.

5 Nos parágrafos anteriores temos analizado o comportamento da Unión Europea a nivel
 6 internacional, onde a medida que pasa o tempo as diferenzas e matices con respecto aos Es-
 7 tados Unidos se van esvaendo, alén das contradicións interimperialistas que poidan existir.

8 Nos países da UE o futuro da protección social cobra plena actualidade, pois é neste
 9 espazo onde este modelo social aínda se mantén como resultado da loita histórica dos
 0 traballadores e traballadoras europeos. Estamos a ver como o neoliberalismo pretende
 11 rebaixar estas conquistas, polo que se fai máis necesario que nunca que as organizacións
 12 de clase lle fagan fronte a este desafío e o sitúen como unha das tarefas urxentes do mo-
 13 vemento sindical europeo.

14 Cómpre salientar os contidos do Pacto de Estabilidade, que obriga os estados membros,
 15 xa que nel prevalecen os criterios de converxencia nominal e non os das condicións de vida
 16 e desenvolvemento dos cidadáns e cidadás e dos pobos. Os sacrificios sociais enormes que
 17 impón a chamada ‘modernización’ do aparello produtivo non xeraron a base económica que
 18 asegurase un verdadeiro desenvolvemento como se prometía, senón maiores diferenzas
 19 entre centro e periferia.

20

21 **Resolución:**

22 **Coidamos positivo un proceso de unidade entre os pobos europeos e todas as nacións do mundo.**
 23 **Agora ben, tal como se dá agora esta andaina, e como se vai configurando a UE, semella que a**
 24 **pretensión real é conformar un novo centro imperialista, polo tanto pouco ou nada sensíbel ás**
 25 **reivindicacións e necesidades dos pobos, a respectar e defender os dereitos nacionais, a ter**
 26 **como meta a xustiza social e a solidariedade. A defensa dunha Europa máis social e respectosa**
 27 **cos dereitos das nacións sen Estado que a integran, foi e é o que nos leva tamén a opornos ao**
 28 **modelo de Unión Europea que se está a construír e da que é reflexo o Tratado de Constitución**
 29 **Europea recentemente aprobado polos gobernos dos estados que a integran.**

30

31

32 **3 O marco estatal**

33

34 Durante o goberno da dereita nos temas sociais e laborais fíxose unha política favorá-
 35 bel ás clases sociais máis podentes. A perda do Goberno do Estado por parte do Partido
 36 Popular amosou o rexeitamento de amplos sectores da sociedade ás políticas de agresión
 37 militar, como en Iraq, e especialmente o seu apoio á falta de garantías a respecto dos máis
 38 mínimos dereitos democráticos, como acontece cos presos de guerra de Afganistán en
 39 Guantánamo detidos durante anos sen acusación e xuízo, así como a belicosidade verbal
 30 do Goberno, comezando por Aznar. Nos últimos anos a política da dereita, ademais dun total
 41 apoio á guerra preventiva dos Estados Unidos, significou un importante recuar en dereitos
 42 democráticos básicos, e moi especialmente en todo o que ten que ver co recoñecemento da
 43 realidade plurinacional do Estado español, mesmo nos aspectos culturais e lingüísticos.

44 O ascenso do PSOE foi máis produto desde afastamento que dos méritos que puido
 45 facer o PSOE durante este período, xa que en ningún caso propuxo un proxecto alternativo,
 46 alén de temas puntuais, formais, ou en relación cos dereitos democráticos individuais que
 47 cómpre garantir (homosexualidade, aborto, liberdade relixiosa, etc.), ou outros como en

1 referencia a unha modificación progresista do Estado das Autonomías sobre o que se fan
2 decote declaracións contraditorias (maior descentralización, federalismo...). Fálase de diálo-
3 go, mais até o momento non deu concretado en nada. O tempo aclarará se o diálogo é por
4 mor de que o PSOE non conta con maioría de abondo no Parlamento ou é unha reflexión
5 máis fonda. Se miramos para historia anterior, teríamos que pensar que é polo primeiro.

6 En materia económica, social e laboral non semella que se modifique a liña seguida polo
7 PP, que, non esquezamos, foi continuísta da que no seu día desenvolveu Felipe González.
8 Nestes campos, tan importantes para a clase traballadora e Galiza, non se albiscan mudan-
9 zas importantes. É verdade que hai conversas (por certo secretas, de cúpula) entre CCOO,
0 UGT e a patronal, mais xa se iniciaran co PP. Están sobre a mesa temas estratéxicos, como
11 a negociación colectiva, a formación continua, a seguridade social, os contratos, etc. Neste
12 caso o PSOE, como fixo o PP, deixou á marxe as centrais sindicais nacionalistas. Se cadra
13 porque sabía que non ían aceptar este tipo de pactos, mais tamén (con seguridade) para
14 afortalar desde o poder a CCOO e UGT como os únicos interlocutores, esmagando deste
15 xeito os criterios obxectivos de “sindicato máis representativo”.

16 En temas como IZAR e os Orzamentos do Estado para o 2005 a postura con respecto a
17 Galiza foi semellante á que practicou o goberno neofascista de Aznar. Nin sequera se tivo en
18 conta, para facer un esforzo orzamental especial, o desastre do Prestige. Por non falarmos
19 da débeda histórica, da altas taxas de desemprego, da vaga migratoria, da desfeita do rural,
20 dunha renda por persoa máis baixa, da menor dotación de infraestruturas de comunicación,
21 servizos públicos básicos, etc. Nestes temas, até hoxe e pasado un ano, as diferenzas son
22 mínimas. E pensemos que este escenario se dá co PSOE sen maioría parlamentaria.

23

24 **Resolución:**

25 **Aínda que co goberno do PSOE hai diferenzas nos modos e no referente a algúns dereitos individuais**
26 **que non estaban garantidos co PP, en temas fundamentais, estratéxicos, como a respecto do dereito de**
27 **autodeterminación, da aceptación do carácter plurinacional do Estado español, e conseguir un trato xusto**
28 **nos orzamentos co noso país, os avances son inapreciábeis, cando non inexistentes. Nas cuestións eco-**
29 **nómicas, laborais e nas prestacións públicas esenciais, todo indica que haberá unha política continuísta**
30 **e mesmo un novo recuar nos dereitos da clase obreira, coa única diferenza que poden conquistar este**
31 **avance neoliberal a través do pacto, cun sindicalismo estatal cada vez máis dependente e seguidista**
32 **das alternativas do gran capital e que agora ten a escusa dun “goberno de esquerda no poder”.**

33

34

35 **4 A situación nacional.**

36

37 Nos últimos catro anos tanto a economía do país, como a situación social e laboral con-
38 tinuaron a tendencia anterior, de concentración e centralización da riqueza, en consonancia
39 coa tendencia mundial, no marco da globalización neoliberal. Este modelo, hexemónico,
30 atinxe dun xeito moi negativo a Galiza; abonda con ollar para os niveis de medre da econo-
41 mía, xeración de emprego e emigración. E tamén ten efectos no interior, onde se acentuaron
42 os desequilibrios territoriais e as desigualdades sociais, a perda de control sobre o tecido
43 económico, tanto a nivel macro como micro...

44 Esta realidade non só é percibida polos e polas especialistas senón pola maioría da so-
45 ciedade tal como se reflite nas enquisas. Por exemplo, unha realizada por Sondaxe no mes
46 de novembro de 2004 salientaba que o 81,6% da poboación avaliaba como regular, mala e
47 moi mala a situación económica de Galiza, e o 62,1% que as perspectivas eran regulares,

1 ___ malas ou moi malas. No referente aos principais problemas sociais, o 45,2% entendía que o
 2 ___ desemprego e a precariedade, un 9,5% a corrupción e ineficacia; un 7,9% as infraestruturas;
 3 ___ un 7% a economía, etc.

4 ___ A xente consultada nesta enquisa fai unha análise acertada da situación económica e
 5 ___ social tal como amosan todos os datos sobre o tema. Se analizamos a evolución do PIB
 6 ___ galego como porcentaxe do total do EE, vemos que no ano 2003 representaba só o 5,31%,
 7 ___ mentres que no ano 1995 era do 5,61%, en 1983 era do 5,82%, e no ano 1975 do 5,72% e,
 8 ___ por último, en 1955 do 6,16% (datos do INE e do Banco Bilbao). Esta tendencia a perder
 9 ___ peso dentro da economía do EE, contrasta co avance na renda por persoa; agora ben a
 0 ___ custo de perder poboación nas áreas rurais, por mor dunha natalidade negativa e da emi-
 11 ___ gración. Aínda así, o avance da renda por persoa foi inferior ás rexións e países do noso
 12 ___ entorno ou que partían dun PIB moi semellante.

13 ___ Como exemplo, en 1986 Galiza tiña unha capacidade de merca, con respecto á media da
 14 ___ UE, do 62,% subindo ao 65% no ano 2000, mentres que para Castela-León esta evolución
 15 ___ sería do 69,3% ao 76%, en Andalucía do 56,4% ao 61%, no norte de Portugal do 44,2% ao
 16 ___ 56%, en Irlanda do 63,8% ao 115%, e en Madrid do 83,1% ao 110%. Resulta evidente que
 17 ___ os maiores avances non obedeceron tanto á situación xeográfica, potencial en materias
 18 ___ primas ou enerxía, como ao poder político existente e a súa utilización en cada unha das
 19 ___ áreas comparadas, especialmente en Irlanda e Madrid.

20 ___ As políticas da Unión Europea, e dadas as plenas competencias que ten esta en temas
 21 ___ moi sensíbeis polo seu carácter estratéxico, como agricultura e pesca, ou o sector naval,
 22 ___ hoxe xa ninguén cuestiona que tiveron un impacto negativo para Galiza, aínda que haxa quen
 23 ___ manifeste que se non fose deste xeito a situación sería peor. Tamén se podería pensar que
 24 ___ se tivéssemos un estado propio, como Irlanda, se cadra os resultados serían distintos, xa que
 25 ___ se terían en conta os nosos intereses. Son teorías que en ningún caso poden agochar que
 26 ___ as medidas tomadas desde Bruxelas, a respecto daqueles sectores nos que teñen plenas
 27 ___ competencias, foron pasos atrás para Galiza. Así de sinxelo.

28 ___

29 ___ **Resolucións:**

30 ___ **1ª Nos últimos anos continuou a tendencia anterior de concentración e centralización da riqueza, un**
 31 ___ **feito consubstancial coa globalización neoliberal, o que aumentou as diferenzas entre territorios e**
 32 ___ **un menor control nacional sobre o aparato produtivo e os mecanismos de poder institucionais, así**
 33 ___ **como un crecemento máis baixo do PIB de Galiza en relación cos países e rexións do noso contorno.**
 34 ___ **O afondamento da dependencia externa, tamén tivo cara a dentro do país efectos semellantes: au-**
 35 ___ **mentou a diferenza de clases e entre territorios. A clase traballadora perdeu capacidade económica,**
 36 ___ **malia aumentar o seu peso porcentual no total da poboación ocupada e medrar a xornada laboral**
 37 ___ **real. Altas taxas de paro e precariedade, emigración e baixa natalidade, son as consecuencias da**
 38 ___ **aplicación sen matizacións dos plans imperiais para o noso país e da falta de forzas nacionalistas**
 39 ___ **que teñan hexemonía nas institucións.**

30 ___ **2ª Nunca a situación laboral, de condicións de traballo e vida, da clase traballadora estivo tan unida**
 41 ___ **ao papel que teña Galiza no contexto do Estado, da UE e mundial, como hoxe. Evidentemente**
 42 ___ **isto é así por mor do proceso de globalización e da estreita relación entre economía e poder**
 43 ___ **político, e entre esta e cultura de masas e control dos medios de comunicación.**

44 ___ **3ª Para Galiza as consecuencias da integración na Unión Europea non foron positivas. Abonda**
 45 ___ **con ollar para a situación de sectores importantes para o país, como o agro, a pesca e o sector**
 46 ___ **naval, nos que a Unión ten plenas competencias.**

47 ___

3

Sindicalismo nacionalista e de clase, unha necesidade real e actual na perspectiva de cambio do modelo socioeconómico

A mundialización do sistema capitalista e das súas políticas neoliberais, da man das multinacionais e das institucións políticas e financeiras ao seu servizo, na busca de novas fontes de beneficios e de novos mercados, incrementando as desigualdades sociais entre países ricos e pobres, fagocitando a economía e os servizos sociais dos países da periferia do sistema, xustifica e pon de actualidade aos movementos nacionalistas e antiimperialistas, incluído o movemento sindical, e reforza a loita de clases como forza motriz dos cambios no mundo.

Nesta encrucillada a clase traballadora necesita de organizacións sindicais de clase que, ademais de loitaren coherentemente pola defensa dos nosos intereses inmediatos, se propoñan influír no campo das políticas sociais, económicas ou culturais, desde unha perspectiva de clase, desde unha perspectiva nacional e desde unha perspectiva de cambio do actual modelo socioeconómico que o capitalismo representa.

Os avances no camiño da mellora das nosas condicións de vida e traballo, da nosa emancipación como clase, van vir dados polo nivel de organización, mobilización e correlación de forzas. Desde posturas entreguistas ao poder e asimilistas deste sistema non pode chegar solución nin cambio positivo e duradoiro ningún, nin para a clase traballadora galega nin para os traballadores e traballadoras globalmente.

Desde o sindicalismo españolista, maioritario en Galiza e no Estado, lévase anos practicando a política do Pacto Social e do consenso coa patronal e as diferentes administracións, sen que esas políticas teñan servido, senón todo o contrario, para paralizar a imposición das políticas neoliberais de flexibilización, desregulación, deterioración dos servizos públicos e do sistema de protección social..., nin moito menos para mellorar a situación dos nosos sectores produtivos, sometidos a drásticos procesos de redución da súa capacidade produtiva, ou para ter acadado un marco galego de relacións laborais pleno que nos permitise decidir sobre a nosa problemática laboral e social.

Fronte a este sindicalismo entreguista e colaboracionista co actual modelo económico e político, necesitamos un modelo sindical diferente, combativo, con forte participación dos traballadores e traballadoras, que priorice a defensa dos intereses da clase traballadora galega fronte aos do poder económico e político, que non estea sometido ou condicionado na súa actuación por ningún destes dous poderes, que teña entre as súas reivindicacións e prioridades a defensa do idioma e da cultura galegas, así como a plena soberanía política e económica para Galiza. Este é o modelo que historicamente buscou representar e practicar o sindicalismo nacionalista galego; é o modelo sindical que a CIG representa, é o sindicalismo polo que paga a pena esforzarse, é o único sindicalismo que pode garantir unha defensa coherente dunhas condicións de traballo dignas para toda a clase traballadora galega.

Resolución:

Avanzar no camiño da mellora das nosas condicións de vida e de traballo, de defensa dos nosos dereitos laborais e sociais fronte ás políticas neoliberais, de dignificación da nosa condición de traballadoras e traballadores galegos, vai depender da correlación de forzas, do peso que teña o nacionalismo tanto no campo social como político. De aí a importancia que ten que o noso modelo sindical, o representado pola CIG, vaia desprazando o sindicalismo españolista e se faga coa maioría sindical na nosa nación. Co noso esforzo e compromiso, co modelo organizativo e métodos de traballo axeitados, esta é unha meta que pode estar ao noso alcance nun prazo relativamente curto de tempo.

4

A CIG como parte do movemento nacionalista galego. A loita pola soberanía nacional

O movemento nacionalista galego (MNG) está conformado por todas aquelas organizacións que, actuando en diferentes ámbitos da sociedade galega (político, sindical, cultural...), o fan partindo da premisa de que Galiza é unha nación e como tal ten dereito (e a necesidade) de exercer a autodeterminación e acadar a soberanía política plena.

A CIG é parte integrante e activa deste movemento e ten por tanto interese en pular polo seu fortalecemento a todos os niveis, sendo garante do mesmo as relacións en pé de igualdade, de mutuo respecto, sen xerarquizacións, de posta en valor para o nacionalismo de cada unha destas organizacións no seu ámbito de actuación, sendo polo tanto todas elas importantes e necesarias para facer do movemento nacionalista unha forza de transformación social e liberadora.

Ao longo da nosa historia como nación, as clases dirixentes, tanto no campo político, como no económico ou no sindical, teñen adoptado, maiorariamente, unha postura de abandono e entreguismo dos intereses e dereitos de Galiza fronte aos intereses e ás políticas do poder central, contribuindo deste xeito á marxinação e opresión da nosa nación e a xerar un profundo complexo de inferioridade e de menosprezo do propio por parte do pobo. Este papel ségueno a cumprir hoxe en día a gran maioría de empresarios/as e dos/das chamados/as profesionais liberais, así como dos/das dirixentes políticos e sindicais situados no campo ideolóxico do españolismo. Só desde o campo do nacionalismo, desde os sectores máis conscientes e desalineados das súas clases populares, se ten promovido e se está a promover unha loita de dignificación e defensa de Galiza e dos intereses das súas clases traballadoras.

A situación de colonización que sofre Galiza desde hai séculos, dificulta a toma de consciencia nacional e de identificación do pobo con todo aquilo que o diferencia e lle é propio. Os avances na toma de consciencia nacional e na conquista de cotas de poder polo nacionalismo, nunha nación colonizada como a nosa, son tan difíciles de lograr que non podemos permitirnós o luxo de destragalos e ceder terreos xa conquistados ao españolismo. Entre todas as organizacións do nacionalismo temos que lograr que exista unha forte ósmose. É pois fundamental para o avance do nacionalismo o apoio mutuo dentro das organizacións que formamos parte do MNG de cara a acadar maior peso e implantación, tanto no campo institucional como social.

Estamos asistindo outra volta a un recrutamento do debate político sobre o modelo de Estado. Un debate permanentemente aberto, que cobra maior ou menor actualidade dependendo do momento político, e que vén derivado dunha Constitución española uniformista e centralista, que non ten en conta o carácter plurinacional do Estado español e que non reconece o dereito de autodeterminación das nacións que o integran, un dereito democrático recoñecido por Nacións Unidas a todas as nacións do mundo.

Desde a CIG temos a firme convicción de que a soberanía política para Galiza, ademais de ser un dereito democrático que posuímos como nación, sería unha ferramenta fundamental que nos permitiría como país estar en mellores condicións á hora de defender e desenvolver a nosa identidade e os nosos sectores produtivos fronte ás políticas definidas no marco do Estado ou da UE, pensadas exclusivamente para favorecer os intereses do capital transnacional europeo e dos Estados máis poderosos de Europa.

Resolucións:

1
2
3
4
5
6
7
8
9
0
11
12

1^a Desde a CIG podemos e debemos achegar moito ao MNG no seu conxunto e recibir tamén moito del. Somos, nestes momentos, unha organización con máis de 50.000 afiliados e afiliadas, que ademais, na nosa actividade diaria, chegamos ao longo do ano a moitos millares de traballadores e traballadoras que non están afiliados. Representamos pois unha organización cunha capacidade potencial, e xa real en moitos casos, de incidir na vida política e social de Galiza. Esta capacidade, ademais de utilizala para crearmos consciencia de clase e mobilizarmos en apoio das nosas reivindicacións, temos que aproveitala tamén para crearmos consciencia nacional, para animarmos os nosos afiliados e afiliadas a que sexan axentes activos do nacionalismo no campo social e político, para contribuírmos á normalización do uso do galego dentro e fóra das empresas e para reclamarmos maior soberanía política para Galiza.

13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

2^a Posicionámonos claramente a favor dun modelo de Estado que reconeza xuridicamente o seu carácter plurinacional e garanta o dereito á autodeterminación das nacións que o integran. Sabemos que calquera cambio neste sentido do actual modelo de Estado vai contar coa firme oposición dos sectores máis reaccionarios e inmovilistas da sociedade española, das forzas políticas estatais, incapaces de rachar co chauvinismo español e de afrontar, desde unha posición racional e democrática, unha solución á situación actual de opresión nacional que existe dentro do Estado español. En calquera caso, seguiremos a reivindicar maiores competencias en materia laboral, educativa, económica, etc., na perspectiva de ir camiñando cara ao exercicio real da plena soberanía.

5 Un marco galego de relacións laborais con plenas competencias

1
2
3
4
5 O grao de soberanía dun país potencia ou debilita o marco de relacións autóctono,
6 aínda que tamén hai outros factores que condicionan isto, comezando pola capacidade
7 dos suxeitos sociais para dar pulo a esta tendencia ou para restar forza, segundo sexa.
8 Concretamente, mentres a Xunta e as demais institucións de Galiza estean dirixidas por
9 partidos que negan o dereito de autodeterminación, ou sexa a autoorganización do pobo
0 galego a todos os niveis, será moi difícil un cambio cualitativo no tema (non cuantitativo).
11 Por iso a loita por un marco propio de relacións laborais temos que a interpretar e impul-
12 sar desde dous planos: por unha banda, é unha reclamación laboral dos traballadores e
13 traballadoras galegas para a súa mellor defensa, e pola outra, unha reivindicación política,
14 de proxecto nacional.

15 Como axente protagonista da transformación social e como parte do movemento na-
16 cionalista galego, o sindicalismo nacionalista que representa a CIG loita por un verdadeiro
17 Marco Galego de Relacións Laborais que sirva de alicerce dun futuro Estado Social Galego,
18 que será quen garanta as súas plenas competencias. O MGRL é unha reivindicación ne-
19 cesaria para a mudanza social que o sindicalismo nacionalista propugna, conectada coas
20 preocupacións e necesidades reais dos traballadores e traballadoras galegas. Constitúe
21 ademais unha reivindicación esencialmente democrática, pois é equivalente ao ámbito
22 galego de decisión na materia sociolaboral, sen que este poida ser quebrantado por ins-
23 tancias alleas.

24 En canto Galiza non se dote dun Estado de seu, cómpre explotar as posibilidades que
25 ofrece o actual marco xurídico-político á hora de configurar un espazo galego de relacións
26 sociolaborais, rexido por normas e convenios autónomos. Dito doutro xeito, debemos actuar
27 na conxuntura sen esquencer o obxectivo final, sabendo que os avances que academos
28 agora potencian os nosos espazos de autoorganización e polo tanto achégannos á opción
29 estratéxica. O estudo das posibilidades (e limitacións) deste marco debe servirnos como
30 base para a definición das seguintes estratexias sindicais:

- 31 a) Exercer as competencias actuais ou presionar para que se exerzan;
32 b) Exixir a utilización de mecanismos xurídicos que o actual ordenamento xa prevé, como
33 as leis de delegación ou transferencia;
34 c) Promover a modificación dos textos estatutarios ou constitucionais.

35 Esta aspiración reclama atención especial no momento actual, en que as máis diversas
36 instancias políticas e sociais promoven unha relectura ou superación do marco xurídico
37 en vigor. No caso galego o aumento de autogoberno debe ser un instrumento para
38 mellorar o benestar e a calidade de vida dos galegos e galegas e superar o histórico
39 subdesenvolvemento de raíz colonial do noso país.

30 É moi importante, para que ninguén decida por nós, irmos construíndo un marco de
41 relacións laborais e sociais propio, plenamente soberano, no que poidamos condicionar
42 coas nosas decisións como traballadores e traballadoras galegos. O marco español de
43 relacións laborais é un marco que nos marxina, un ámbito de actuación dominado polo
44 sindicalismo españolista, un sindicalismo enormemente condicionado e mediatizado polo
45 poder, un sindicalismo moi integrado no sistema e fiel defensor do actual modelo xurídi-
46 co-político centralista do Estado e que segue sen asumir a Galiza como unha realidade
47 nacional diferenciada.

1 Temos que recoñecer que calquera cambio transformador precisa de movementos sociais
 2 fortes. De aí o noso compromiso con calquera movemento que apoie a loita de clases, de
 3 carácter antiimperialista e polo tanto en defensa da soberanía nacional dos pobos; de aí
 4 tamén o noso compromiso co movemento nacionalista no noso país que ten amosado a
 5 súa fortaleza, cando actúa coordinadamente e en defensa das necesidades da maioría dos
 6 galegos e galegas, porque a independencia de cadaquén nas decisións e nas actuacións
 7 non pode ser un impedimento para impulsar formas de unidade entre persoas e organiza-
 8 cións que acreditamos nunha Galiza soberana e sen explotación e sobre todo para dotar
 9 de dimensión social a calquera proxecto nacional compartido.

10 11 **Resolucións:**

- 12 **1ª** Precisamos impulsar unha nova fase de actuación en relación ao autogoberno galego que per-
 13 mita desenvolver os contidos nas áreas sociolaborais tratando de avanzar nun proceso aberto e
 14 dinámico na dirección estratéxica apuntada dun marco galego de relacións laborais con plenas
 15 competencias, xa que senón a nosa acción sindical será cada vez máis limitada debido a que
 16 as posicións do españolismo involucionan a un marco laboral cada paso máis centralizado e
 17 uniformador e para o que non dúbidan en utilizar o monopolio lexislativo español dirixido a frear
 18 o noso proxecto sindical e nacional.
- 19 **2ª** Reclamar para a Xunta de Galiza as transferencias pendentes en materia de traballo: políticas
 20 pasivas de ocupación, inspección de traballo, formación continua, fondo de garantía salarial,
 21 xestión dos permisos de traballo a inmigrantes e emigrantes retornados, etc.
- 22 **3ª** Reclamar para a Xunta de Galiza a transferencia das funcións da Seguridade Social para atender
 23 e mellorar a atención ás persoas máis desfavorecidas, INSS, xubilación, baixa por enfermidade,
 24 incapacidades, viuvez, orfandade, maternidade e paternidade, etc.
- 25 **4ª** Reclamar para o Parlamento de Galiza a competencia lexislativa nas materias laboral e de
 26 seguridade social, ben sexa a través da delegación de competencias, ben a través da reforma
 27 estatutaria e/ou constitucional.
- 28 **5ª** Favorecer a negociación colectiva no ámbito nacional, mantendo o principio de non concorren-
 29 cia entre convenios colectivos e introducindo no Estatuto dos Traballadores a prevalencia dos
 30 convenios de ámbito galego sobre os estatais, con base no principio de subsidiariedade ou
 31 especificidade, que recoñece que os ámbitos máis próximos aos traballadores e traballadoras
 32 responden mellor ás necesidades concretas.
- 33 **6ª** Para acadar obxectivos no MGRL é necesario que as reivindicacións concretas, aquí formuladas
 34 para este momento histórico, teñan unha dinámica de acción sindical propia tanto nos centros
 35 de traballo, como na rúa, nas institucións, nas mesas de negociación e na sociedade galega.
 36 Con toda seguridade avanzaremos máis e mellor se actuamos coordinadamente no movemento
 37 nacionalista galego.

6

Un modelo alternativo de negociación colectiva

1
2
3
4
5
6
7
8
9
0
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47

A realidade que deberemos modificar declara un escenario en Galiza no que preto de 430.000 traballadores e traballadoras perciben menos de 13.000 euros en convenio por ano, dos cales 170.000 ingresan menos de 11.000 euros. Os efectos deste sindicalismo entregado e instalado na moderación e alianza co capital podemos velo empiricamente na caída de renda da clase traballadora galega nos últimos 20 anos, xa que os asalariados e asalariadas galegos pasaron de contribuír co 48,3% ao 44,9% do PIB da poboación ocupada contrariamente ao incremento da súa representación, xa que no ano 1980 representaba o 47,8% e no ano 2000 o 68,1% desta mesma poboación, é dicir, máis asalariados/as representan actualmente menos neste indicador. Como se observa, esta diminución débese atribuír necesariamente á perda de capacidade salarial consecuencia da praxe na negociación colectiva, da reforma laboral permanente e dos pactos sociais.

Para o sindicalismo nacionalista galego a arquitectura do españolismo e dos empresarios e empresarias para estrangular o noso modelo sindical, ten unhas fronteas perfectamente definidas sobre as que respostar. A deterioración e pobreza dos convenios é consecuencia do impacto das medidas legais lexisladas polos Gobernos mediante reformas (facilidade no despedimento, flexibilidade na xornada, contratación precaria), a colaboración dos sindicatos españois no pacto e na paz social, no modelo de xestión de cúpulas e negación da participación; para facilitar mediante estas medidas e prácticas a posición dos empresarios e empresarias, que logo nas empresas practican a desobediencia e incumprimento ao convenio, polo que resultan especialmente prexudicados os traballadores e traballadoras precarios. Esta resultante busca en definitiva facilitar a sobreexplotación da clase traballadora, sintetizándose en salarios máis baixos, fraude na contratación, maior incremento de xornada laboral mediante as horas extras imperativas non pagas ou mal pagas e unha elevación do sistema de rendemento e produtividade no traballo.

Como podemos ver, toda esta secuencia pode ser en gran parte modificada por un sindicalismo participativo e de loita. Podemos influír decisivamente como organización nacionalista de clase e coa capacidade organizativa e implantación que ten a CIG en moitos destes resultados, porque ademais é a nosa responsabilidade neste momento histórico. Podemos contrarrestar perfectamente o modelo de cúpulas traballando con intensidade participativa a elaboración, seguimento e finalización dos convenios, involucrando a todos traballadores e traballadoras afectadas, someténdonos á súa decisión e xeneralizando esta dinámica de maneira que o sindicalismo español quede desacreditado.

1 A negociación colectiva

A importancia da negociación colectiva na lexislación e regulación dos dereitos no traballo é algo que non pasa desapercibido para ninguén. Cantos máis dereitos taxados e comprometidos nos convenios, máis capacidade ten a clase traballadora para enfrontar a precariedade e mellorar os salarios. Por esta razón desde os propios poderes do Estado atacouse de xeito impenitente mediante sucesivas reformas laborais, determinadas garantías no traballo que veñen procurando unha maior indefensión e desprotección fronte ao despedimento, a xornada laboral, a contratación, etc., e así tamen debilitar a fortaleza dos convenios e empobrecer o resultado destes tanto en obxectivos de alcance como en garantías de aplicación.

1 Toda esta instrumentación legal construída durante estes últimos vinte anos polos
2 diferentes gobernos do Estado, ten ademais a cobertura do poder xudicial, que concede
3 interesadamente preferencia e individualización das relacións laborais en determinados
4 aspectos, como pode ser a xornada ao acordo individual fronte ao colectivo dos conve-
5 nios; considerando que o traballador ou traballadora ante o asinamento do seu contrato,
6 está en igualdade de condicións e voluntariedade que o/a empresario/a. A maiores, a
7 actitude de displicencia e entrega do sindicalismo español no marco de negociación
8 colectiva, para, contrariamente aos intereses da clase traballadora, subscribir pactos
9 de contención salarial, neutralizar as restantes demandas e aplicar o modelo de xestión
0 fronte ao de participación, contribuíu ao retroceso e declinio deliberado deste importante
11 ámbito de dereitos.

12 Hoxe podemos dicir que logo de tres anos consecutivos de imposición do pacto confe-
13 deral, para que a negociación colectiva producise unha síntese de resultados cuantitativos
14 pobres en salarios e xornada e ao mesmo tempo todo isto estivese presidido por unha paz
15 laboral cualitativa, algunha parte debía ser sometida, e nesta lóxica de cesión que alimenta
16 este pacto, evidentemente perdeu a clase traballadora. Porque precisamente a virtude deste
17 pacto substantívase nesta especie de alquimia imposíbel, paz laboral e ao mesmo tempo
18 entrega de dereitos ao capital.

19 Mais neste contexto, a consolidación destes pactos e o descaro máis insultante de CCOO
20 e UGT no asinamento de convenios frontalmente contrarios á decisión dos traballadores e
21 traballadoras, parece unicamente unha parada intermitente no percorrido máis sinuoso e
22 finalista do que resulta a súa verdadeira vocación e identidade; que non é outra máis que
23 a centralización absoluta da negociación colectiva no Estado en perfecta harmonía co inte-
24 rese dos empresarios e empresarias. Deste xeito consolidan definitivamente o sindicalismo
25 burocratizado de xestión, marcando distancias dos centros de traballo e para o que xa non
26 terán que render contas cos traballadores e traballadoras.

27 Outro dos atributos consagrados e indiscutidos polo sistema e o sindicalismo español
28 para controlar as marxes da negociación colectiva é o IPC, e este indicador usado como
29 referencia obrigatoria para a negociación dos convenios está penalizando os salarios máis
30 baixos e, por tanto, por defecto á maioría dos asalariados e asalariadas galegos. A constru-
31 ción do IPC sobre promedios de consumo e sen diferenciar os niveis de renda, demostra
32 que non se estandariza unha inflación compensada para todos e todas. As familias máis
33 pobres gastan das súas rendas unha proporción maior en produtos que teñen un incremento
34 destacadamente máis elevado que a media do IPC resultante, caso dos alimentos e bebi-
35 das. A maiores, non se incorpora a compra da vivenda para a estimación do IPC, incluída
36 noutros países de Europa, polo que todo isto incide exponencialmente en organizar un IPC
37 contrario ás clases populares. Se adaptásemos un indicador medido sobre a estrutura de
38 consumo das familias galegas con rendas inferiores a 12.000 euros por ano, o IPC resultante
39 nestes tres últimos anos estaría 5,5 puntos por encima do IPC oficial. Por tanto, debemos
30 desautorizar a fiabilidade deste indicador para a negociación dos convenios e urxir a súa
41 reforma sobre unha estrutura adaptada aos niveis reais de consumo que compense as
42 familias con menos ingresos.

43 Na perspectiva máis inmediata da negociación colectiva temos que incidir nunha recupe-
44 ración dos salarios galegos, inferiores en aproximadamente un 15% sobre os salarios medios
45 do Estado. Non existe unha razón lóxica que soporte esta situación endémica, e que por
46 outra parte nunca nos proporcionou ningunha vantaxe en creación de emprego ou menor
47 precariedade. Tampouco podemos imputalo a unha menor resistencia ou combatividade

1 da nosa clase traballadora, xa que a historia recente demostra precisamente o contrario.
 2 Galiza é o país que máis veces respondeu colectivamente ás reformas laborais e ás medi-
 3 das de reconversión contra o noso tecido industrial. Por tanto, a explicación responde ás
 4 consecuencias da aplicación das liñas mestras e uniformes do sindicalismo español que
 5 penalizan os salarios galegos.

6

7 **1. A loita contra a precariedade**

8 Outro dos aspectos atacados con máis vehemencia polo capital é a xornada laboral. Nos
 9 últimos anos ralentizouse a diminución da xornada na negociación colectiva, e ao mesmo
 0 tempo recuperábase e ampliábase xornada nas empresas mediante o abuso das formas
 11 de contratación, xa que a precariedade permite aos empresarios e empresarias dispoñer
 12 da flexibilidade á carta para traballos de fin de semana, ampliación da xornada diaria sen
 13 retribuír e fraude nas contratacións a tempo parcial. Doutro xeito a maior intensidade na
 14 produtividade e nos rendementos do traballo, alentada ademais polos pactos confederais
 15 que supeditan salario a produtividade, conceden máis argumentos aos empresarios e
 16 empresarias para unha negociación individualizada menos colectiva e no espazo de do-
 17 minio apropiado para o capital. Correspóndenos entón dar unha resposta proporcionada
 18 á importancia destas demandas, considerando que o factor precario permite o retroceso
 19 na xornada e a individualización das relacións laborais, polo que nos convenios debemos
 20 establecer límites concretos á precariedade como asunto central para avanzar nas res-
 21 tantes demandas.

22 A precariedade debe ser unha fronte de loita incesante para nós; dela aliméntase a
 23 estratificación da clase traballadora, onde os máis mozos e mozas experimentan a peor
 24 das formas de sobreexplotación na súa incorporación ao traballo. Hoxe podemos atopar
 25 numerosos convenios que diferencian normativamente determinados dereitos dependendo
 26 se teñen contrato fixo ou eventual, menor ou maior tempo de permanencia na empresa en
 27 casos como os conceptos de antigüidade ou distribución da xornada, etc. A correspon-
 28 dencia da intensidade precaria responde xeometricamente en gran medida a como estean
 29 organizados sindicalmente os sectores, xa que é posíbel mobilizar calquera sector altamente
 30 precario se se traballa con bases participativas. Tal é o caso de telemarketing; polo tanto
 31 toda situación é reversíbel.

32

33 **2. Marcos de negociación**

34 O marco galego, a maiores de facilitar a proximidade e a participación da clase traballa-
 35 dora contra o sindicalismo de xestión vertical, permítenos legislar as nosas propias medidas
 36 de salario, de xornada, contra a precariedade por medio da contratación, de xénero e de
 37 saúde laboral fundamentalmente, e significa un espazo de intervención ao alcance da nosa
 38 clase traballadora e da nosa actuación; por iso non podemos desprezar ningún ámbito de
 39 negociación, mesmo galego, provincial ou de empresa que se desenvolva no noso país,
 30 porque todo aquilo que lle dea forma e contido a esta relación de poder en Galiza, diminuirá
 41 a eficacia do marco estatal contrario e antinatural á nosa identidade e soberanía.

42 Tamén debemos prestar atención á enorme fragmentación de convenios con escasa
 43 entidade, subdivididos en actividades que perfectamente poderían estar integradas nun
 44 só convenio. Esta é outra das razóns que explicaría a decadencia normativa e salarial de
 45 numerosos convenios deste tamaño. Esta situación non é nova e responde a un mapa de
 46 fractura estruturado polo franquismo e que ademais ten resistencias ao cambio desde as
 47 propias asociacións empresariais. Durante todos estes anos, estes convenios foron que-

1 dando desasistidos en moitas condicións e negociándose de xeito rutineiro nos parámetros
 2 de moderación aceptados polo sistema. Cómpre unificar estes convenios aínda que este
 3 acordo signifique concesións de prazos e derramamento de salarios para lograr unha única
 4 táboa salarial no tempo.

5

6 **3. A promoción da igualdade de oportunidades**

7 A perspectiva de xénero na negociación é necesaria polas seguintes razóns:

- 8 - Porque aínda que se produciu un aumento da participación das mulleres no traballo,
 9 esta é en xeral precaria e desregulada, e está fóra do ámbito legal e legislativo, fóra
 0 da representación sindical e fóra dos convenios colectivos que o regulan.
- 11 - Porque as mulleres son vítimas da segregación ocupacional tanto horizontal (sectores
 12 de traballo e profesións tipicamente femininas) como vertical (ocupando postos máis
 13 baixos e peor remunerados).
- 14 - Porque as mulleres topan con maiores atrancos que os homes: maior precariedade nas
 15 condicións de traballo, sofren eventualidade na contratación, atrancos na conciliación
 16 da vida familiar e laboral, atrancos na promoción profesional, levan o protagonismo
 17 na economía somerxida, e teñen menor cobertura da protección social na práctica.
- 18 - Porque as mulleres sofren discriminación laboral en canto ás diferenzas de valoración
 19 do traballo desempeñado por mulleres ou por homes (concepcións culturais sobre
 20 o valor das actividades e capacidades das mulleres, ocupan postos máis afastados
 21 da toma de decisións e empregos peor remunerados).

22 A escasa incorporación dos temas de xénero na negociación colectiva débese a unha
 23 menor cobertura das mulleres nos procesos de negociación colectiva, a unha subrepre-
 24 sentación das mulleres nos segmentos máis precarios e desregulados do mercado laboral,
 25 á escasa presenza feminina entre os dirixentes sindicais e nas instancias negociadoras, á
 26 pouca capacitación dos traballadores e traballadoras para negociar coas e cos empregado-
 27 res cláusulas relativas á promoción da igualdade de oportunidades e de trato, e finalmente
 28 a unha baixa priorización do tema de xénero nas estratexias sindicais.

29 O obxectivo de apostar pola perspectiva de xénero na negociación colectiva é un desa-
 30 fío para o sindicato, xa que involucra principios democráticos e é un medio de mellora da
 31 concreción de principios e dereitos. A negociación colectiva supón un instrumento potencial
 32 para a eliminación da discriminación da muller no mundo laboral e asalariado, e un medio
 33 esencial para promover a igualdade de trato no traballo, oír e atender as preocupacións e
 34 intereses das mulleres. Supón conseguir acadar unha remuneración igual para un traballo
 35 de igual valor e é garante da ampliación da protección legal á maternidade e dos dereitos
 36 que promovan un maior equilibrio entre o exercicio da maternidade e a paternidade e o
 37 traballo e as responsabilidades familiares.

38

39 **Resolucións:**

30 **1ª A negociación colectiva constitúe a principal fonte de dereitos para a clase traballadora e concede**
 41 **a posibilidade de actuar directamente neste ámbito central para legislar todo aquilo que nos é**
 42 **propio e resolutivo nas nosas condicións de traballo. Por esta razón é un espazo insistentemente**
 43 **atacado polos diferentes poderes do sistema mediante recorrentes reformas laborais, e diminuído**
 44 **na súa eficacia por un sindicalismo de xestión vertical e con vocación centralista do Estado.**

45 **2ª Esta dinámica de decadencia imposta polos diferentes gobernos e o sindicalismo español, permite**
 46 **que as empresas inclinen ao seu favor a relación de forzas e impongan precariedade, para facilitar a**
 47 **sobreexplotación do valor do traballo abaratando salarios e desobedecendo a aplicación dos convenios**

- 1 no seu alcance cualitativo. O caso galego resulta clamoroso; os nosos salarios son un 15% inferiores
 2 á media do estado, a pesar de que nos sectores e empresas nos que a CIG é maioritaria, os salarios
 3 e aspectos normativos son regularmente máis elevados que a media, indicándonos a necesidade de
 4 amplificar a nosa presenza para alterar a pobreza e declive dos convenios.
- 5 3ª Aplicar a perspectiva de xénero na negociación colectiva ten como obxectivo acadar a igualdade
 6 de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, tendo as mulleres traballadoras presenza
 7 activa nos procesos negociadores, de xeito que teñan a posibilidade de presentar propostas e
 8 formar parte das mesas de negociación.
- 9 4ª Para revertir esta tendencia de deterioración na negociación colectiva, debemos impor un mo-
 0 delo de sindicalismo que conteste á urxencia de melloras en salarios, xornada, precariedade,
 11 xénero e saúde laboral fundamentalmente. Se o sindicalismo español entrega a negociación
 12 colectiva, disimulada en acordos confederais de distancia dos centros de traballo e xestión ver-
 13 tical, o sindicalismo galego debe promocionar o modelo alternativo e de proximidade, no noso
 14 país, construíndo o marco galego e con bases de participación da clase traballadora, horizontal
 15 e permeábel ás decisións do mundo do traballo en Galiza; e sabendo que sen conflito e loita
 16 neste ámbito, dificilmente se poden acadar melloras cualitativas e ao mesmo tempo impedir o
 17 retroceso das nosas condicións de traballo.

20 **2 A participación como base da acción sindical**

21
 22 O sistema político de democracia representativa que coñecemos os cidadáns e cidadás
 23 e a clase traballadora, privilexia o ámbito das decisións á xerarquía das organizacións cons-
 24 tituídas no dominio social. Desta maneira todas as estruturas de división do poder, apenas
 25 conceden máis que a oportunidade puntual de participación electoral, para logo apropiarse
 26 desta capacidade representativa para legislar e aplicar medidas contrarias ao interese da
 27 poboación e da clase traballadora. Esta é unha constante que se reproduce en todos os
 28 espazos de decisión e que afecta ás nosas condicións de vida, desde os Parlamentos aos
 29 Concellos e na propia actividade sindical.

30 Demasiadas experiencias nestes anos ilustran as consecuencias deste formato repre-
 31 sentativo e explican por que se produce como un sistema apropiado para o capital e o
 32 neoliberalismo. Logo de calquera elección temos visto como os diferentes gobernos teñen
 33 aplicado sucesivamente as reformas laborais de intensivo calado dirixidas contra aqueles
 34 e aquelas que maioritariamente os votaron, ou como as centrais sindicais españolas en
 35 acordos de cúpulas, veñen asinando desde a transición política os pactos de reformas,
 36 de reconversión ou de contención de salarios que complementan esta programación de
 37 derruba dos dereitos no traballo, no emprego ou na capacidade adquisitiva. Non permiten
 38 que a clase traballadora ou os seus mesmos afiliados e afiliadas participen e decidan sobre
 39 os temas centrais e relevantes da súa vida. Concentran o poder de decisión na superestruc-
 40 tura das organizacións con carácter vertical e entregan ao capital todo aquilo que este lles
 41 reclama, enfatizando e enmascarando toda esta actuación no dispositivo “democrático”
 42 de axentes sociais.

43 Se isto é grave para toda a clase traballadora, para nós os galegos e galegas ten uns
 44 efectos acentuadamente máis perversos. A nosa situación de dependencia política e a au-
 45 sencia dunha forza e organización da pluralidade social nacionalista maioritaria, permite que
 46 todas as decisións do Estado e desde o Estado, distantes da nosa realidade e dos intereses
 47 do pobo galego, provoquen o desmantelamento dos nosos sectores básicos (mar, naval,

1 agro, industrias lácteas), a emigración de moita da nosa mocidade e a estratificación da
 2 clase traballadora en sectores cada vez máis terceirizados e precarizados. Se dificilmente
 3 podemos gobernar sobre o que nós é propio e a maiores se protexe o sistema co carácter
 4 representativo, as consecuencias son doadamente apreciábeis. Temos máis desemprego,
 5 máis precariedade e menores salarios.

6 A negación da participación da clase traballadora está debidamente organizada polos
 7 poderes do Estado e polo sindicalismo español. Os pactos confederais para a negociación
 8 colectiva ou os acordos do diálogo social, nos que estamos excluídas as forzas nacionalistas
 9 máis representativas, son a mostra máis evidente desta exclusión fáctica e demoleadora do
 10 dereito de participación, reproducindo estas mesmas mañas na negociación dos convenios
 11 de calquera ámbito. Así podemos ver como en moitas empresas, os Comités non facilitan
 12 a celebración de asembleas para decidir sobre os anteproxectos de Convenios ou sobre a
 13 decisión final destes. O mesmo sucede nos Convenios de ámbito sectorial, onde se esconde
 14 ou pasa practicamente inadvertida a negociación, sen posibilidades de intervención dos
 15 traballadores e traballadoras afectadas; ou tamén na solución de conflitos polo emprego
 16 que permite desactivar calquera contestación non controlada por estes sindicatos.

17 Deste xeito as organizacións convértense en estruturas de xestión para beneficio das
 18 cúpulas, con vocación definida de evitar conflitos ao sistema e neutralizar a capacidade
 19 de resposta e loita que poida promocionar significativos cambios. Trátase por tanto dun
 20 dispositivo de control e seguridade para o capital.

21 Para a CIG trátase contrariamente dun imperativo para a acción sindical; facer permeábel
 22 a participación da clase traballadora é unha condición primaria do noso modelo sindical,
 23 necesaria para estendermos e amplificarmos a nosa ideoloxía.

24

25 **Resolucións:**

26 **1ª O modelo de participación da clase traballadora e o antídoto apropiado contra o sindicalismo de**
 27 **cúpulas representativo, que impide o exercicio activo en todas as decisións que son relevantes**
 28 **para os traballadores e traballadoras. Os pactos polas reformas e os acordos de negociación**
 29 **colectiva decididos en Madrid e instruídos recorrentemente durante todos estes anos, son a**
 30 **demostración máis elocuente de como se pode arrebatarse dereitos e salarios á clase traballadora**
 31 **sen conflito e sen que ningunha destas decisións estea sometida ao referendo e aprobación de**
 32 **quen sofre estas medidas. Este modelo provoca o desafecto e a desconfianza nas organizacións**
 33 **sindicais, unha escasa afiliación e polo tanto menor resistencia e loita ás acometidas do neoli-**
 34 **beralismo. É aquí a principal tarefa do noso sindicalismo.**

35 **2ª Necesariamente para facer un sindicalismo participativo de práctica horizontal debemos vencer**
 36 **a inercia e a comodidade que facilita o sistema para o sindicalismo de xestión. O simple feito de**
 37 **facilitar a participación da clase traballadora eleva o grao de resistencia, conflictividade e loita, ao**
 38 **tempo que desautoriza a aquelas persoas que impiden a observancia desta lóxica. Os exemplos**
 39 **da negociación colectiva nos últimos convenios de Artes Gráficas, Seguridade e Telemarketing**
 40 **son de abondo expresivos do que aquí dicimos, manifestándose nidiamente o contraste do noso**
 41 **traballo participativo sometido aos acordos cos traballadores e traballadoras destes sectores,**
 42 **fronte ao do sindicalismo español que decide asinar contra a reprobación de todo persoal.**

43

44

45

46

47

3 A loita contra as políticas neoliberais

1
2
3 As características máis sobresaíntes do neoliberalismo e a súa consecuencia para a
4 clase traballadora, son as políticas de desprotección e derruba das garantías e dereitos no
5 traballo e da asistencia social. Con esta finalidade e para elevar as taxas de valor e plusvalía
6 no capital produtivo increméntase a sobreexplotación da forza do traballo.

7 As formas en que se produce esta desprotección e acoso aos dereitos no traballo,
8 podemos identificala hoxe nas sucesivas prácticas de reformas laborais que se instrúen
9 tanxencialmente e indistintamente en todos os países e polos diferentes Gobernos, mesmo
0 da dereita como da socialdemocracia, así como a redución sistemática da economía e asis-
11 tencia do Estado, por medio da privatización de servizos e empresas públicas e o recorte
12 de prestacións sociais (pensións e desemprego).

13 Na actualidade a resposta organizativa do capitalismo desenvólvese mediante a concen-
14 tración de empresas en enormes transnacionais, que abarcan desde sectores financeiros a
15 todas as demais actividades produtivas e de servizos, nunha constante de expansión que
16 estende e universaliza o seu negocio e poder.

17 Deste xeito acumulan máis intensivamente capital para reproducir o sistema nun fenó-
18 meno que coñecemos como mundialización.

19 Esta acumulación de capital mobilízase fundamentalmente nos circuitos financeiros
20 e en capital especulativo, nos mercados de valores e administrados polo FMI e o Banco
21 Mundial. Deste xeito condicionan as políticas sociais e laborais dos Estados coa ameaza
22 de retirada de depósitos, negociación de empréstitos ou descapitalizacións. Por tanto, non
23 podemos desprezar na nosa análise para entendermos as claves do modelo neoliberal, a
24 dimensión monumental que ten na actualidade o capital financeiro e que acapara perto do
25 80% de toda mobilización de diñeiro que circula hoxe no planeta. Na década dos 50 este
26 mesmo rexistro correspondía inversamente ao capital produtivo, polo que concluímos que
27 toda sobreexplotación que se produce no mundo do traballo e a plusvalía que xera, diríxese
28 preferentemente a alimentar as redes financeiras e especulativas.

29 Este estado contemporáneo do capitalismo non ten retroceso; non son leis de mercado
30 senón leis de supervivencia do propio sistema que precisan dun volume cada vez maior de
31 capital para se reproducir. Por tanto, todos os espazos da vida, da natureza, do traballo e
32 dos dereitos son susceptíbeis de negocio e de apropiación para o capital nunha dominación
33 cega e excluínte socialmente. Debemos entendelo así para comprender como no momento
34 máis universal de tecnoloxía e sofisticación técnica, de maior capacidade para a produción
35 e provisión de alimentos, riqueza e avances farmacolóxicos, contrariamente a humanidade
36 padece o maior holocausto da súa historia, no que cada ano morren aproximadamente 11
37 millóns de persoas por desnutrición e outras tantas de enfermidades perfectamente curábeis.
38 No que o medio ambiente e a saúde están máis ameazados pola contaminación, destrución
39 da natureza e a produción de transxénicos. No que os dereitos colectivos no traballo están
30 sendo uniformemente atacados en todos os países, e os espazos de protección social
41 diminuídos e privatizados para ampliar o negocio das empresas.

42 Neste contexto internacional a clase traballadora galega resulta damnificada a maiores
43 pola ausencia de soberanía política do noso país, xa que o ámbito de decisións centrais para
44 a nosa estruturación da política industrial, a defensa do emprego, as políticas contra a precariedade e a defensa dos nosos servizos públicos e proteccións sociais, son lexisladas polo
45 Estado español e gobernadas para os intereses do capital español e europeo diante da UE.
46
47

1 **Resolución:**

2 **1ª** Somos conscientes, por tanto, de que a nosa organización ten unha responsabilidade histórica
3 **contraída coa nosa clase traballadora. Non existe na actualidade outra fórmula e outra resposta**
4 **posíbel desde o mundo do traballo en Galiza para se enfrontar ao modelo neoliberal, recuperar**
5 **dereitos e avanzar na loita dos traballadores e traballadoras galegas.**

6 **2ª** En contraste coa política de pactos e alianzas do sindicalismo español que desde a transición até
7 **hoxe ten en ensaio unha práctica de “axentes sociais” que facilitou para o Estado e as empre-**
8 **sas a aplicación de reformas laborais, pactos de contención salarial, reconversión de sectores**
9 **claves para a nosa industria, caso do naval, privatización de empresas públicas e diminución**
10 **de prestacións sociais; a CIG aparece como unha alternativa de contrapoder a este modelo**
11 **neoliberal que ten como obxectivo unha acometida imparábel a todos os dereitos no traballo, a**
12 **redución das coberturas sociais e un escenario absoluto de sobreexplotación.**

13

14

15 **4 A loita polo emprego**

16

17 Se facemos unha fotografía do momento actual, os datos refliten esta evolución negativa
18 ou que estamos por debaixo do noso entorno na maioría das variábeis. Temos unha taxa de
19 desemprego do 12,7% no terceiro trimestre do ano 2004, fronte ao 10,54% como media no
20 Estado español, un 35% de contratos eventuais. Son datos demoledores, que non admiten
21 moito debate, máxime cando a tendencia se agudiza a cada ano que pasa.

22 Esta situación económica, de emprego, de nivel de vida da poboación galega non está
23 á marxe do papel que o noso país ten dentro do Estado español e da Unión Europea, da
24 falta de soberanía, da súa dependencia secular das decisións que se tomen en Madrid, e
25 agora tamén en Bruxelas, no referente á economía, as relacións laborais, aos compromisos
26 exteriores, etc.

27 Afondemos nisto, porque é importante. Non é doado desenvolverse cando os sectores
28 económicos estratéxicos, mesmo con séculos de tradición, como pesca, gandaría, enerxía,
29 construción naval, etc., están sometidos a unha constante reconversión, ou sexa redución
30 produtiva. Dirase que isto afecta a todos os estados da Unión, e é verdade, mais a incidencia
31 que en cada un deles teñen estes sectores sobre o conxunto da economía, e polo tanto
32 do emprego, non é semellante. Nun caso temos que evitar que afunda o barco, nos outros
33 trátase de adaptalo (con custos) para que navegue por novos mares, polo que o resultado
34 final nunca pode ser o mesmo.

35 Así, sen medidas de excepción, nin claramente discriminatorias, no día a día imos per-
36 dendo capacidade produtiva, medios, emprego e calidade de vida. Sería unha parvada
37 pensar que isto é sobre todo un problema de infraestruturas e formación, como algunhas
38 persoas queren que creamos. Irlanda ten, por ser unha illa, maiores deficiencias en materia
39 de infraestruturas, e logrou unha das rendas máis altas da Unión. Así mesmo, máis do 80%
40 dos contratos realizados no noso país son de peóns ou niveis de formación equivalentes.
41 Non lle podemos restar valor a estes temas, ás infraestruturas e á formación, aínda que
42 o problema fundamental está noutro lado -é político-, nomeadamente do peso político do
43 noso país, de soberanía, de competencias, de organizacións con capacidade de presión
44 e consciencia nacional.

45 Mais cal é a situación cara ao futuro inmediato? Antes fagamos memoria. A esta altura, e
46 non se pode pensar que todo é unha casualidade, varios sectores básicos están en perigo
47 ou forzados a grandes perdas de emprego. Concretamente:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____
- 6 _____
- 7 _____
- 8 _____
- 9 _____
- 0 _____
- 11 _____
- 12 _____
- 13 _____
- 14 _____
- 15 _____
- 16 _____
- 17 _____
- 18 _____
- 19 _____
- Por mor da eliminación do chamado cupo téxtil, ou sexa pola desaparición dos aranceis, milleiros de postos de traballo van desaparecer no sector da confección; unha actividade feminizada, rural, con salarios moi baixos e contratos precarios, cando existían.
 - A aplicación do Plan Estatal de asignacións de dereitos de emisión (2005-2007), Real Decreto 1866/2004, polos criterios que pretende impor o Goberno central que pode significar non só que non se realicen os investimentos nas centrais de Meirama e As Pontes, senón que se poidan pechar estes centros, coa conseguinte perda de emprego e que deixariamos de exportar enerxía para termos que importala, xusto cando o prezo deixa de ser único en todo o Estado. Unha cousa é o protocolo de Quioto e outra moi diferente esta discriminación.
 - O acordo sobre Izar significa non só a prexubilación de 1.500 traballadores e traballadoras nos estaleiros públicos da comarca de Ferrol, senón a desaparición deste número de empregos e até 4.000 se temos en consideración as empresas auxiliares.
 - A proposta de cotas de pesca na costa atlántica peninsular atinxe á pesca de xeito tal que significa unha importante diminución da pesca de cerco e enmalle, así como do arrastre litoral.
 - O peche de Valeo e Avigán, coa perda duns catrocentos postos de traballo entre as dúas empresas.
 - (Etcétera.)

20 _____

21 _____

22 _____

23 _____

24 _____

25 _____

Como se pode ver as perspectivas non son moi positivas, moi especialmente para o norte de Galiza. Esta situación, que temos que ter moi en conta, sen dúbida marcará unha parte importante da acción sindical, na defensa do emprego e na exixencia de investimentos, nos vindeiros catro anos da central sindical.

25 _____ **Resolucións:**

- 26 _____
- 27 _____
- 28 _____
- 29 _____
- 30 _____
- 31 _____
- 32 _____
- 33 _____
- 34 _____
- 35 _____
- 36 _____
- 37 _____
- 38 _____
- 39 _____
- 30 _____
- 41 _____
- 42 _____
- 43 _____
- 44 _____
- 45 _____
- 46 _____
- 47 _____
- 1ª **Fronte aos graves problemas e eivas antes descritos, desde a CIG levamos décadas solicitando medidas de apoio os sectores primarios, industrialización do país, melloras das comunicacións e servizos básicos, e fundamentalmente da xeración de máis emprego e mellora das condicións laborais (Plan Galego de Emprego, Plataforma Galega de Acción Sindical...). Neste momento, e neste contexto, entendemos que son necesarias iniciativas ou medidas para consolidar os sectores básicos da economía galega, asegurar unha expansión constante e duradoira do sector industrial.**
 - 2ª **Dentro destas iniciativas ou medidas cómpre destacar:**
 - **Dedicar a investimentos reais un 5% de PIB galego para efectivizar a creación do emprego necesario co fin de rematar coa emigración e as altas taxas de desemprego.**
 - **Priorizar as infraestruturas que potencien a cohesión do país, desenvolvendo o mercado interno e a euro-rexión Galiza-Norte de Portugal.**
 - **Mellorar as comunicacións co resto de Europa.**
 - **Conseguir a liberalización da produción láctea.**
 - **Plan de modernización e diversificación da agricultura.**
 - **Plan de desenvolvemento rural e ambiental para frear a desertización da área rural.**
 - **Explotar racionalmente o monte.**
 - **Potenciar unha política de conservación e protección da natureza.**
 - **Potenciar os acordos pesqueiros. Plan integral de recuperación de caladoiros. Mantemento e potenciación dos Centros de Control do Medio Mariño. Potenciación da acuicultura e impulso dos sistemas de comercialización.**
 - **Crear un Sector Público Empresarial Galego.**
 - **Eliminar todos os atrancos á construción de barcos de calquera tipo en Izar.**

- 1 _____ - **Diversificar as fontes de enerxía e considerar esta como un servizo público. Potenciación**
 2 _____ **das renovábeis.**
 3 _____ - **(Etcétera).**

5 A loita nos centros de traballo e fóra deles

8 _____ A necesidade de organizar debidamente a CIG para encarar este momento é unha res-
 9 _____ ponsabilidade de todos e todas nós. Debemos asegurar a nosa presenza e participación
 10 _____ nas fábricas e en todos os centros de traballo, como tamén naqueles ámbitos de asociación
 11 _____ e activismo social, polo que a mobilización das persoas das distintas estruturas da central
 12 _____ sindical no traballo diario, nas visitas constantes aos centros de traballo, na información e
 13 _____ organización da negociación colectiva e na dinamización das campañas, debe prevalecer
 14 _____ como tarefa central de traballo non subordinada a outras actividades.

15 _____ A urxencia por organizar todas as estruturas no ámbito comarcal e federativo faise apre-
 16 _____ miante para responder adecuadamente aos requirimentos anteriores. Débese asegurar a
 17 _____ dispoñibilidade de todo persoal de acción sindical para esta tarefa específica, invertendo a
 18 _____ actual tendencia de permanecer nos locais para a atención de consultas, restándonos unha
 19 _____ importante eficacia sindical e unha utilización diminuída dos nosos medios para a loita.

20 _____ Somos unha organización concibida para a loita, porque sen esta vocación o retroceso
 21 _____ é imparábel e non existe posibilidade de avance. Toda a nosa estrutura, toda a nosa orga-
 22 _____ nización e todos os nosos medios deben estar orientados a reforzar a loita pola soberanía
 23 _____ e a participación da clase traballadora, na defensa do emprego, contra a precariedade,
 24 _____ contra a sobreexplotación e a mellora dos nosos dereitos no traballo desde a negociación
 25 _____ colectiva e polas reivindicacións democráticas.

Resolucións:

28 _____ 1ª Os nosos fundamentos de clase e nacionalismo aliméntanse dunha práctica no que o traballo de
 29 _____ participación da clase traballadora constitúe un activo insubtraíbel. O imperialismo combate o noso
 30 _____ modelo sindical porque non está entregado ao poder; deste xeito temos a consciencia de que toda
 31 _____ defensa dos nosos dereitos, toda conquista e toda transformación, son unicamente posíbeis coa loita
 32 _____ para cada escenario que o demande. En cada empresa pola defensa do emprego, en cada convenio
 33 _____ pola negociación colectiva, en cada ámbito de precariedade e en todo país para lograr espazos de
 34 _____ soberanía, xa que sen ela non podemos instruír un marco galego no que legislar os nosos dereitos
 35 _____ como clase e defender os nosos sectores produtivos diante do Estado español e da UE.

36 _____ 2ª Á loita polos dereitos laborais básicos, débense engadir agora as reivindicacións democráticas: unha
 37 _____ lexislación non represiva que garanta a protesta social e o dereito á folga, así como o cumprimento
 38 _____ das normas laborais, que se aplique co mesmo rigor a traballadores/as e empresarios/as.

6 A saúde laboral e o medio ambiente no traballo

43 _____ Segue a ser a precariedade laboral e a determinación das condicións de traballo as que
 44 _____ provocan os índices inaturábeis de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que
 45 _____ padecemos a clase traballadora galega. Por iso, a importancia de mantermos e consolidarmos
 46 _____ un Gabinete de Saúde Laboral que, xunto cos demais instrumentos sindicais da nosa organi-
 47 _____ zación, non conceda tregua aos responsábeis destes males que inxustamente padecemos.

1 O III Congreso da Confederación aprobara a constitución dun Gabinete de Saúde La-
 2 boral, dependente da Secretaría Confederada responsábel da materia, asumindo ademais
 3 como un dos retos principais a integración dos conceptos da prevención nos órganos de
 4 goberno da CIG a todos os niveis, a importancia deste aspecto na nosa acción sindical e a
 5 conexión coa negociación colectiva.

6 Aínda que avanzamos na integración da prevención na estrutura interna da CIG, quedáanos
 7 moito por concretar, carencia que será máis fácil de resolver toda vez que durante estes
 8 últimos anos, paralelamente ao desenvolvemento das funcións do Gabinete aprobadas no
 9 anterior Congreso, conseguimos cualificar ao máis alto nivel técnico en materia de prevención
 0 de riscos laborais a un bo número de sindicalistas que teñen responsabilidades directas na
 11 acción sindical e na negociación colectiva das Federacións/Comarcas.

12 Dado que hoxe xa temos na Confederación un número importante de cadros sindicais
 13 con formación en prevención de riscos, deberíamos aproveitálos para crear unhas estruturas
 14 estables de formadores e formadoras tanto a nivel comarcal como sectorial, que contribúan
 15 á formación permanente e continua dos delegados e delegadas de prevención co fin de
 16 consolidar definitivamente a integración da prevención na negociación colectiva e na nosa
 17 acción sindical global.

18 En xeral actualizar as estruturas, optimizar os recursos para lle facer fronte aos vellos
 19 e novos retos, sen esquecer a loita por un desenvolvemento sustentábel, toda vez que a
 20 seguridade e a saúde na empresa está cada vez máis asociada as condicións ambientais
 21 e a protección do medio ambiente.

22

23 **Resolucións:**

24 **1ª O traballo máis inmediato a desenvolver está relacionado con requirir dos poderes públicos que**
 25 **fagan cumprir a lexislación vixente en materia de prevención de riscos e medio ambiente no**
 26 **traballo, multiplicando os recursos materiais e humanos da Inspección de Traballo e que, dunha**
 27 **vez por todas, os técnicos da Xunta de Galiza actúen segundo a última reforma da LPRL, e se**
 28 **convertan en Inspectores de Traballo con todas as facultades que marca a lei.**

29 **2ª Exixir que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral cumpra cando menos cos obxectivos**
 30 **que ten previstos, que aínda lonxe de ser os que reclamaba a nosa organización sindical sempre**
 31 **será positiva a súa posta en marcha.**

32 **3ª Impulsaremos tamén as reformas lexislativas necesarias para actualizar o cadro de enfermidades**
 33 **profesionais, os protocolos de vixilancia da saúde para facelos concretos a cada posto de traballo**
 34 **e en función dos riscos. Exixiremos da Consellaría de Sanidade un centro para o diagnóstico,**
 35 **tratamento e rehabilitación das enfermidades derivadas do traballo, para atender inmediatamente**
 36 **os centos de traballadores e traballadoras que padecen afeccións derivadas do uso do amianto**
 37 **que son, desgraciadamente, a punta do iceberg do cadro de enfermidades laborais.**

38 **4ª Pularemos tamén pola reforma das leis que regulan as indemnizacións compensatorias polas**
 39 **secuelas derivadas dos accidentes de traballo e as pensións polas incapacidades derivadas de**
 30 **accidentes laborais e enfermidades profesionais.**

41 **5ª Reclamaremos o cadro normativo preciso que posibilite a posta en marcha do/a delegado/a**
 42 **territorial, tanto de carácter sectorial para actividades como a construción, etc., como para as**
 43 **empresas que comparten un espazo común (polígonos industriais, áreas comerciais, etc). Non**
 44 **estamos falando tanto de especificamente técnicos e técnicas en prevención senón militantes**
 45 **sindicais con criterio na definición da estratexia en saúde laboral, posto que estamos ante un**
 46 **problema de defensa das condicións de traballo e non tanto de aspectos unicamente técnicos.**

47

7 As políticas sociais

As políticas sociais teñen un carácter estratéxico no desenvolvemento económico e social dun país. As respostas políticas e de goberno non están a dar solucións ás necesidades dos galegos e galegas, pois tanto o Goberno do Estado español como o da Xunta de Galiza priorizaron nas súas accións outras políticas.

O financiamento das políticas sociais susténtase nunha fiscalidade centrada excesivamente no contributo dos traballadores e traballadoras asalariados que é inxustificábel. A imposición de políticas neoliberais monetaristas teñen como consecuencia restricións orzamentarias para os Estados que conforman a Unión Europea. E por se fose pouco todo o anterior, agora o pacto de estabilidade asinado polos gobernos do momento de cada estado integrante é o xustificante para a redución do gasto público.

1 A seguridade social

O emprego, a fiscalidade e a seguridade social son os tres instrumentos fundamentais de reparto e reequilibrio da riqueza dun país. Por iso, baixo o imperio ideolóxico e político do neoliberalismo, parellamente ao que cualificamos como reforma laboral permanente en contra dos dereitos da clase traballadora e a prol da flexibilidade no traballo, estase a dar outra reforma continuada do sistema público de pensións, destinada a recortar as prestacións sociais.

Estas políticas, arroupadas por interesadas campañas de desinformación, non son específicas do Estado español, senón que responden a dinámicas intergubernamentais na Unión Europea, sustentadas no Pacto de Estabilidade e na propia Constitución europea. Concretamente, no que se refire ás pensións, o que tratan é de reducir o gasto a través de tres mecanismos principais:

- Atrasar a idade de xubilación e restrinxir as condicións de acceso á xubilación anticipada e, ademais, penalizala economicamente.
- Alongar o número de anos a ter en conta para o cálculo da base reguladora.
- Aumentar o período de anos necesario para o cobro dunha pensión completa.

As sucesivas reformas do sistema da seguridade social no Estado español (1985-87, 1997 e 2001), que, nalgúns casos contaron co visto e prace dos sindicatos españois máis representativos, seguiron ese viero, limitándose a reducir o gasto en protección social e a potenciar o réxime privado de pensións.

O debate de fondo actualmente estase a dar na confrontación entre un sistema de reparto (onde as persoas activas financian as pensións das pasivas) e outro mixto. Quen defende o sistema mixto (Banca, compañías aseguradoras, empresariado...) propoñen que exista un nivel asistencial básico ou mínimo e un nivel de tipo profesional que capitalice, de entrada, unha parte da cota para, progresivamente, capitalizala toda. Por iso, todas as reformas parciais trataron de reforzar o carácter contributivo do sistema, esvaendo, desde dentro, o carácter solidario do actual sistema público de reparto, preparando así o camiño deica a implantación dun sistema mixto. En definitiva, ao abandonar progresivamente o criterio de solidariedade interna e buscar a máxima adecuación entre contribución e prestación, todas as reformas caeron do lado de quen defende o sistema mixto.

1 Neste senso, a renovación do Pacto de Toledo non foi máis que unha reafirmación dos
2 contidos e da ideoloxía neoliberal do Pacto de 1995, lexitimando as reformas que se foron
3 aprobando a partir do mesmo e que tiveron como efecto substancial o recorte das pensións
4 e a utilización dos superávits da Seguridade Social polo Estado, todo iso ao servizo do
5 dogmático obxectivo político do déficit cero.

6 O asunto das pensións afecta a case que toda a cidadanía e non so ás persoas asala-
7 riadas, e constitúe un elemento clave na conformación da opinión pública, que aínda hoxe
8 apoia maioritariamente un sistema solidario de reparto. Por iso, para a CIG, como xa dicíamos
9 no noso II Congreso, a consolidación do sistema público require dun Pacto de Estado que
0 descarte o medo e erradique a inseguridade, a desinformación e as reformas continuadas.
11 Se, por exemplo, o avellentamento da poboación chega a identificarse colectivamente
12 como un problema futuro para o sistema de seguridade social, debe afrontarse como un
13 problema de Estado, enfrontando desde hoxe as solucións, en vez de crear alarma social
14 inustificada en beneficio do gran capital.

15 Isto non quere dicir que a CIG renuncie a reivindicar en cada momento cuestións que
16 garantan unha maior xustiza e equidade, como a mellora das prestacións mínimas, a garantía
17 dunhas pensións de viuvez adecuadas, etc., etc. Trátase de reivindicar todas aquelas medi-
18 das que afortalen o sistema actual de seguridade social e non vaian dirixidas a demantelalo
19 ou a esvaer o seu carácter solidario.

20

21 **Resolucións:**

- 22 **1ª A seguridade social é un instrumento importante de reequilibrio e igualdade social.**
23 **2ª As políticas de recortes das pensións responden a dinámicas intergubernamentais e teñen**
24 **sustento na Constitución europea.**
25 **3ª Os gobernos do PSOE e do PP seguiron as instrucións neoliberais europeas e a iso responden**
26 **as reformas parciais acometidas, a de 1997, coa participación de UGT e CCOO e a do 2001, coa**
27 **de COO e a CEOE.**
28 **4ª O debate de fondo xa non está no sistema de reparto versus sistema de capitalización. Tratan de**
29 **avanzar paulatinamente deica un sistema mixto, potenciando parellamente o sistema privado.**
30 **5ª Coas pensións non debe xogarse. O Estado, a través dun pacto coa sociedade, debe garantir a**
31 **estabilidade e a suficiencia do sistema.**
32 **6ª A CIG, defensora do sistema público de reparto, reivindicará aquelas medidas que afortalen o seu**
33 **carácter solidario e de xustiza social, rexeitando toda reforma parcial que tenda a desmantelalo**
34 **ou esvaelo.**

35

36

37 **2 Sistema sanitario e saúde**

38

39 O sistema sanitario vive momentos de fortes incertezas. A culminación do proceso de
40 transferencias do antigo Insalud á totalidade das Comunidades Autónomas, acontecida
41 no ano 2002, deixou atrás momentaneamente un período de forte debate político e social
42 sobre a reorientación das políticas sociais vinculadas á atención da saúde no que se abran
43 paso de forma gravemente preocupante as teses da atomización, da libre competencia, da
44 limitación á universalización das prestacións, da creba do aseguramento único e público,
45 ou da directa privatización de centros e servizos.

46 No ámbito estatal aquelas iniciativas de reconversión perderon protagonismo e foron
47 substituídas pola utilización vergoñante das súas competencias sanitarias por parte dos

1__ governos autonómicos, máis preocupados de escenificar o seu enfrontamento partidario
 2__ no ámbito tamén das políticas sanitarias que de afondar na extensión e consolidación dun
 3__ sistema sanitario de calidade.

4__ Así, no caso galego o debate sobre o sistema sanitario produciuse durante a longa trami-
 5__ tación da Lei de Ordenación Sanitaria de Galiza (LOSGA), finalmente aprobada no 2003 co
 6__ único apoio do “rodillo” parlamentar do PP, que foi amplamente denunciada e combatida pola
 7__ CIG como sinónimo de privatización, descapitalización, precarización e desorganización.

8__

9__ **Resolución:**

0__ **Debe seguir sendo un empeño de primeira orde para a CIG a defensa da consolidación estrutural**
 11__ **e da viabilidade financeira dun sistema de atención da saúde público, universal e de calidade,**
 12__ **absolutamente capaz de facer fronte aos novos retos derivados do desenvolvemento científico-**
 13__ **técnico, da evolución das necesidades sanitarias e sociais da poboación, da utilización masiva**
 14__ **das novas tecnoloxías de tratamento e transmisión da información, e das tensións financeiras**
 15__ **xeradas polas políticas económicas e orzamentarias da UE.**

16__

17__

18__ **3 Un sistema educativo galego**

19__

20__ As propostas legislativas emprendidas, no eido educativo, polos governos do Estado
 21__ nestes últimos anos e proxectadas en Galiza pola Xunta implicaron que a través da LOU (Lei
 22__ Orgánica das Universidades) da LCFP (Lei das Cualificacións e da Formación Profesional)
 23__ e da LOCE (Lei Orgánica da Calidade de Educación) amosase o seu ideario político espa-
 24__ ñolizador (reducindo as cativas atribucións competenciais da Xunta), ultraliberal e antisocial
 25__ en todos os tramos educativos. Así, incrementou a privatización do ensino; recentralizou
 26__ e homoxeneizou o sistema educativo; liquidou definitivamente a xestión democrática dos
 27__ centros; segregou o alumnado segundo as súas capacidades; outorgoulle valor académico
 28__ á relixión e propiciou un ensino máis selectivo e clasista. En definitiva, actuose e lexislouse
 29__ en contra da igualdade de oportunidades e non se abordaron propostas encamiñadas a
 30__ reducir as diferenzas sociais que a escola converte, moitas veces, en fracaso escolar.

31__ O cambio de goberno no Estado non está supondo avances substanciais respecto da
 32__ etapa negra que vimos de padecer. Non podemos esquecer que moitos dos alicerces do
 33__ actual sistema educativo asentan na política educativa dos anteriores governos do PSOE e
 34__ de que o deseño educativo deste partido e do PP teñen demasiados elementos en común.
 35__ Así se explica que as propostas do actual goberno presentadas a través do documento
 36__ “Unha educación de calidade para todos e entre todos”, previsto para modificar a LOCE,
 37__ parta dunha visión centralista e unitaria do Estado español, cando a primeira condición que
 38__ terían que asumir e garantir é a diversidade nacional, cultural e lingüística do Estado.

39__ Se algo caracteriza o goberno do PP en Galiza é a aposta pola total desgaleguización
 30__ do ensino e pola súa privatización, subvencionando, cada ano, con máis de 198 millóns de
 41__ euros os centros privados. As subvencións ao ensino privado, nos orzamentos deste ano,
 42__ incrementáronse nun 10,3% mentres os da Consellaría, no seu conxunto, só medraron un
 43__ 6,01%. Ao mesmo tempo, desanténdense servizos básicos e fúrtanse recursos necesarios
 44__ para o ensino público (transporte e comedores escolares, gratuidade dos libros de texto,
 45__ dotación de profesorado, actividades extraescolares, etc.).

46__

47__

1 **Resolucións:**

- 2 **1ª** A modificación do actual marco legislativo educativo que aborde todos os cambios necesarios para
3 que, garantindo o acceso á educación en igualdade de condicións na rede pública ao conxunto dos
4 cidadáns e cidadás, facilite e asegure o dereito a podermos ter un auténtico sistema educativo
5 galego, para planificar a educación en Galiza en función dos nosos intereses e necesidades, para
6 vehiculizar o ensino no noso idioma e galeguizar os currículos e para potenciar a nosa identidade
7 de acordo coa nosa realidade social e cultural, asumindo a configuración plurinacional, pluricultural
8 e plurilingüística do Estado e que destine, como mínimo, a educación o 6% do PIB.
- 9 **2ª** A defensa inequívoca do ensino público, erradicando a concepción da educación como un negocio, coa
10 convicción de que o ensino público e laico é a mellor garantía da escola plural, gratuíta, xusta e demo-
11 crática e non suxeita a idearios confesionais ou doutro tipo. En consecuencia reclamamos a supresión
12 dos concertos e subvencións ao ensino privado para acadar unha única rede do ensino público.
- 13 **3ª** A gratuidade e obrigatoriedade do ensino desde os 3 até os 18 anos e oferta suficiente de prazas na
14 rede pública para a educación infantil de 0 a 3 anos. A universalización e gratuidade dos servizos com-
15 plementarios (transporte e comedor), das actividades extraescolares e do material didáctico e libros
16 de texto. Ampliación e incremento das bolsas de estudo no ensino postobrigatorio e universitario.
- 17 **4ª** Unha nova planificación do sistema educativo que implique unha reformulación da actual rede de
18 centros que garanta que todos os centros públicos conten coa dotación dos recursos materiais,
19 humanos e do profesorado suficiente para garantir un ensino público de calidade e a atención á
20 diversidade; maior e máis equilibrada oferta de ciclos de Formación Profesional de grao medio e
21 superior que proporcione as prazas necesarias nos centros públicos; creación dunha rede pública de
22 escolas de educación infantil (0 a 3 anos) que satisfaga a demanda existente e un sistema integrado
23 de FP que asuma a integración competencial e administrativa e a transferencia á Xunta de Galiza das
24 competencias referidas á Formación Continua para abordar a integración dos tres subsistemas.

25
26
27 **4 Os servizos públicos**

28
29 Pasados uns anos desde que comezou a febre privatizadora, compartida tanto por PP
30 como por PSOE, hoxe moitos cidadáns e cidadás decátanse da importancia da xestión
31 pública de determinados servizos pero esquecen unha cuestión fundamental, o papel de
32 cada quen antes das concesións destes ao capital. Mesmamente aínda persiste a idea, que
33 hai que combater, de que o privado xestiona mellor que o público, esquecéndose que neste
34 concepto se apoiou a entrega da xestión ou propiedade de moitos dos servizos públicos.

35 A CIG considera que as privatizacións e a transferencia de certas funcións ao sector
36 privado son contrarias á xustiza social, partindo de que os servizos públicos son parte do
37 modelo social que defendemos, e consecuentemente manifesta que loitará pola súa eficien-
38 cia, calidade, o seu carácter universal, polo reforzamento dos dereitos, a cohesión social e
39 a redución das desigualdades.

40 A experiencia demostrou que a nosa análise e alternativas, respecto da subcontración
41 e outras novas fórmulas de xestión e contratación nos servizos públicos en todas as Ad-
42 ministracións, eran atinadas pois os cidadáns e cidadás están percibindo un retroceso e
43 unha perda na súa calidade.

44
45 **Resolucións:**

- 46 **1ª** Seguiremos defendendo uns servizos públicos de calidade, eficaces, cos medios axeitados e o
47 persoal necesario para prestar un bo servizo á cidadanía.

- 1 2ª Impulsaremos aínda máis na nosa acción sindical: o rescate paulatino de todos os servizos privatiza-
 2 dos de todas as Administracións; a desaparición da taxa de reposición na oferta pública; a finalización
 3 progresiva de todos os concertos entre Administración e empresas privadas; a disolución inmediata
 4 das fundacións constituídas para xestionar empresas ou institucións públicas e a eliminación dos
 5 falsos autónomos que traballan para Administración. En todos estes casos defenderemos unha nova
 6 situación laboral para os traballadores e traballadoras afectadas, como é: integrarse como persoal
 7 laboral fixo, asegurar a súa colocación ou establecer unha vinculación laboral axeitada.
- 8 3ª Loitaremos por unha produción cultural pública en galego, dirixida aos traballadores e traballadoras,
 9 e consecuentemente solicitaremos que os sindicatos participen activamente nos organismos ou
 0 empresas públicas que fan desenvolvemento de actividades culturais en Galiza.
- 11 4ª Defenderemos unha política de vivenda dirixida ás familias con menos recursos, aos mozos e mozas, e aos
 12 vellos e vellas que viven sós, incentivando a construción de vivendas sociais, as cooperativas e os arrenda-
 13 mentos cun sistema de renda limitada establecendo contratos-programa cos propietarios e propietarias, así
 14 como a reforma de tributación sobre o patrimonio que contemple tamén as variábeis do arrendamento.
- 15 5ª Defenderemos unha política de transportes, con prioridade dos públicos que asuma como concepto
 16 que o transporte colectivo é un ben social e que a súa xestión afecta fortemente á calidade de vida
 17 da clase traballadora e dos cidadáns e cidadás en xeral. Precisamos tamén impulsar nos centros de
 18 traballo a importancia da loita por unhas infraestruturas de transporte a todos os niveis, que permitan
 19 ao noso país converxer tanto co Estado español como coa Unión Europea.
- 20 6ª Reivindicaremos que os poderes públicos galegos garantan uns servizos públicos de calidade en
 21 materia de telecomunicacións, ademais dunha exixencia ás empresas concesionarias privadas dunha
 22 mellora no seu servizo a uns prezos xustos.

5 A influencia das políticas fiscais na calidade de vida e na redistribución da riqueza

28 A redistribución da riqueza é imprescindible para acadar unha sociedade máis xusta,
 29 equilibrada e solidaria. Xunto á elemental exixencia de máis e mellor emprego, con salarios
 30 dignos, as políticas fiscais constitúen un factor central desa redistribución, xa que determinan
 31 o reparto social das cargas económicas necesarias para o sostemento do Estado.

32 Un terceiro factor para a redistribución da riqueza, que ademais é crucial para a calidade
 33 de vida da poboación, atopámolo no sistema de protección social (sanidade, educación,
 34 servizos sociais, prestacións...), intimamente relacionado coa fiscalidade, podéndose afirmar
 35 que os países con máis altos niveis de gasto social son aqueles que manteñen unha presión
 36 fiscal (entendida como a agregación de impostos e cotizacións á seguridade social) máis
 37 elevada. Os datos do seguinte cadro reforzan esta afirmación:

	Porcentaxe do Produto Interior Bruto de cada Estado	
	Presión Fiscal ⁽¹⁾	Gasto en protección social ⁽²⁾
Media Unión Europea-15	40,5	27,4
Alemaña	40,2	29,8
Bélxica	46,6	27,5
Dinamarca	48,9	29,5
Francia	44,2	30,0
Estado español	36,2	20,1

38 ⁽¹⁾ Últimos datos dispoñíbeis, ano 2002. ⁽²⁾ Últimos datos dispoñíbeis, ano 2001.

1 Para que a política fiscal favoreza a redistribución da riqueza, é necesario que a carga
 2 tributaria se obteña principalmente da imposición directa e que esta sexa progresiva, por-
 3 centualmente maior canto máis alto sexa o nivel da renda persoal. Os impostos indirectos
 4 e as taxas, vencellados ao consumo ou á utilización de determinados servizos públicos, na
 5 medida en que afectan a toda a cidadanía por igual, sen distinguir niveis de renda persoal,
 6 teñen un efecto regresivo para efectos de redistribución da riqueza.

7 Porén, as políticas que se teñen aplicado nos últimos anos en materia fiscal, van en direc-
 8 ción contraria. Por unha banda, transmítese a mensaxe individualista e insolidaria de que as
 9 rebaixas dos impostos son beneficiosas para a cidadanía e para o conxunto da economía,
 0 avanzando consecuentemente nas prácticas neoliberais de reducir o gasto público e a pro-
 11 tección social. Por outra, a estruturación das rebaixas dos impostos directos ten beneficiado
 12 en moita maior medida ás rendas máis altas e especialmente ás rendas procedentes do
 13 capital mobiliario. Finalmente, as reducións operadas no IRPF, en concreto nas rendas do
 14 traballo, teñen sido amplamente absorbidas polo crecemento dos impostos indirectos.

15 En conxunto, o cambio a respecto da situación de partida é que se produciu unha
 16 reestruturación do reparto da carga impositiva, xustamente no senso contrario ao efecto
 17 redistribuidor da riqueza que se agarda dun sistema fiscal minimamente xusto. Parellamente,
 18 hai que sinalar a persistencia dunha considerábel e inaceptábel bolsa de fraude fiscal nas
 19 rendas non salariais.

20 Paradoxalmente, a presión fiscal no Estado español non só non diminuíu, senón que
 21 medrou no período 1995-2002 desde o 33,4 até o 36,2% do PIB, pero si que se modificou
 22 a estrutura dos ingresos fiscais. Efectivamente, mentres os impostos directos seguen a
 23 representar o 31,3% do total de ingresos fiscais durante todo ese período, os indirectos in-
 24 crementaron o seu peso desde o 32,6 ao 33,6% e as cotizacións ao sistema de Seguridade
 25 Social diminuíron desde o 36,0% que representaban en 1995 até o 35,2% en 2002.

26

27 **Resolucións:**

28 **1ª Demandamos un sistema fiscal máis xusto, que elimine os privilexios actuais para as rendas máis**
 29 **elevadas, as rendas empresariais e as do capital mobiliario, o que aumentará en consecuencia**
 30 **a recadación fiscal xeral por vía da imposición directa.**

31 **2ª En materia de IRPF, cómpre a aplicación da escala de gravame a todas as rendas, eliminando**
 32 **o tratamento privilexiado das rendas do capital. Así mesmo, reclamamos un incremento da**
 33 **progresividade da tarifa e o conseguinte incremento do tipo marxinal máximo para as rendas**
 34 **máis elevadas. Así mesmo, a respecto das retencións sobre as rendas salariais, defendendo**
 35 **que estas deben achegarse no posíbel á tributación real final, débense regulamentar de xeito**
 36 **que se ratee a súa contía ao longo do exercicio fiscal, evitando o impacto negativo, nas nóminas**
 37 **finais do ano, das regularizacións que reduzan desmesuradamente o salario neto mensual de**
 38 **traballadores e traballadoras.**

39 **3ª No imposto de sociedades, débense reducir as múltiples posibilidades de dedución ou desgra-**
 40 **vación que se foron implantando e que supoñen indirectamente unha subvención ás empresas,**
 41 **posibilidades que deberían circunscribirse a medidas a prol da creación de emprego e da mellora**
 42 **da súa calidade.**

43 **4ª Fronte á persistencia da fraude fiscal, requírese unha inspección fiscal eficiente e transparencia**
 44 **pública, perseguindo a súa eliminación e desterrando calquera permisividade na ocultación de**
 45 **rendas empresariais e de capital.**

46

47

6 Migración

Galiza segue a perder poboación e o fenómeno migratorio segue a ser unha realidade social, con formas distintas. Hai 900.000 galegos e galegas fóra das nosas fronteiras, sen contabilizar as segundas xeracións. No continente americano os nosos e as nosas compatriotas viviron as consecuencias das políticas neoliberais do FMI e do imperialismo. A nosa poboación emigrante cunha idade media superior aos 70 anos están empobrecida, por causa do esnaquizamento das economías rexionais. Mentres, os distintos gobernos españois foron corresponsábeis da destrución sistemática destas. Tamén a nosa emigración tivo que padecer xunto aos pobos de América latina os máis bárbaros atropelos aos dereitos humanos a través do Plan Cóndor, que provocou a desaparición e a morte de ducias de millares de persoas, entre elas, moitos loitadores e loitadoras galegos ou descendentes seus.

Por outro lado a nosa emigración en Europa máis próxima á idade de xubilación comeza a padecer as consecuencias tamén do arrefriamento das economías da Unión Europea. As consecuencias de ambos os procesos tanto en América como en Europa determinaron que nunha década máis de 140.000 emigrantes retornasen ao noso país.

Xunto a este fenómeno nos últimos anos Galiza tamén comezou a ser terra de recepción de colectivos migratorios. Na maioría dos casos estes cidadáns e cidadás estaban vinculados/as ao propio fenómeno do retorno ou eran produto dos vínculos históricos de Galiza con América latina. É así como no noso país os colectivos máis numerosos por orde estatístico son Arxentina, Colombia e Uruguai, sendo de orixe latinoamericana case o 90 % da totalidade. Durante todo este tempo (especialmente durante o goberno de Aznar) a inmigración foi utilizada para branquear diñeiro negro, como man de obra barata en prexuízo dos nosos traballadores e traballadoras.

Mentres se produce a chegada de emigración retornada e a de inmigrantes, a nosa mocidade traballadora carente dun emprego digno emigra a outras parte de Europa ou cara a outros destinos, dentro do propio Estado. Segundo as estatísticas editadas polo INE no ano 2002, emigraron 22.877 persoas das cales 18.684 dentro do Estado (Canarias, Baleares, Andorra e Valencia) e 4.193 cara ao exterior. (Escocia, Irlanda, etc.).

Ante este panorama diverso pero confluyente o Departamento de Migración da CIG vén desenvolvendo distintas accións programáticas co fin de darlle unha achega desde a óptica da clase traballadora, facendo fincapé nos factores políticos e económicos que xeraron estas situacións migratorias e as consecuencias que provocan para os implicados e implicadas e para o noso país. Por isto desde o último Congreso da CIG o noso labor creceu proporcionalmente ao desenvolvemento deste fenómeno.

O labor central é a información e o asesoramento dos colectivos migratorios; a realización de campañas de sensibilización contra o racismo e a xenofobia; a incorporación dos traballadores e traballadoras migrantes na loita de clases; a defensa dos seus dereitos contra a explotación ou marxinação social; a recuperación da memoria histórica da nosa emigración; a defensa dos dereitos dos/as nosos/as emigrantes tanto no exterior como dentro do propio Estado; e a potenciación da autoorganización dos propios colectivos migratorios en asociacións ou federacións tanto de retornados/as como de inmigrantes.

Durante estes últimos anos, veu desenvolvendo intensas campañas pola regularización dos traballadores e traballadoras inmigrantes que se encontraban nunha situación de irregularidade debido ás políticas represivas do goberno do Partido Popular.

1 **Resolución:**

2 **1ª** Desenvolver un intenso labor para integrar os colectivos inmigratorios no país e incorporalos ao
 3 sindicalismo nacionalista. Exixir a regularización de todos/as os/as residentes e a regulación do
 4 fruxo migratorio, tendo en conta a realidade socio-económica galega, o reagrupamento familiar,
 5 etc. Os traballadores e traballadoras inmigrantes comezan a ser un sector moi importante nal-
 6 gunhas áreas de economía galega (servizos, contrución, pesca, etc.).

7 **2ª** A realización de campañas de sensibilización contra o racismo e a xenofobia.

8 **3ª** Impulsar a creación dunha asociación de traballadores e traballadoras galegos no exterior co
 9 obxectivo de ser marco de contención cultural, manter o vínculo co sindicato e o país, e defender
 0 o dereito dun retorno digno. Estará orientada aos colectivos de traballadores e traballadoras
 11 galegos residentes dentro do Estado español e países de Europa.

12 **4ª** Afondar no noso vínculo coa emigración galega residente no exterior, e exixir medidas que
 13 faciliten a súa integración cando retornen a todos os niveis.

14 **5ª** Continuar co labor de recuperación da memoria histórica da emigración a través de enriquecer
 15 o arquivo do departamento, continuar os traballos de investigación histórica e a edicións de
 16 libros e vídeos, como tamén a realización de exposicións temáticas.

17 **6ª** Realizar convenios bilaterais de colaboración coas organizacións de emigrantes e inmigrantes
 18 que actúan no país, así como coas organizacións galegas existentes no exterior.

19 **7ª** Continuar co labor da defensa dos dereitos humanos dos/as nosos/as emigrantes no exterior.
 20 Continuar apoiando o xuízo que desenvolve a Audiencia Nacional contra os delitos de xenocidio
 21 e terrorismo de Estado en América latina, onde foron asasinados varias dúcias de galegos e
 22 galegas e a súa descendencia.

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

30

41

42

43

44

45

46

47

8

Política Industrial

1
2
3
4
5
6
7
8
9
0
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47

A flebe e específica estrutura industrial galega é un dos elementos máis diferenciadores en negativo, se a comparamos cos países cun maior grao de desenvolvemento.

Un proxecto de país en positivo adquire toda a súa dimensión nos ámbitos da política empresarial, industrial, de investigación e desenvolvemento, de innovación, ou no achegamento á sociedade galega da chamada sociedade da información. Todo o que frea ou impide que Galiza sexa quen de avanzar na converxencia real co Estado e a UE, en termos de VEB e de emprego, e moi afastada da existente neses espazos.

A crítica que facemos á inexistente política industrial da Xunta de Galiza, concretámola nos seguintes aspectos:

- Imitación seguidista e suicida das políticas industriais neoliberais, fundamentadas na tese de que “a mellor política industrial é a que non existe”.
- Seguidismo acrítico das directrices industriais do Estado e da UE, dando apoio ás políticas de reestruturación cunha forte influencia negativa para o noso sector industrial, como vén de acontecer co sector naval público.
- Non existiron medidas orientadas á consolidación e diversificación dos sistemas produtivos locais.
- Non houbo un diálogo serio entre a Administración e o sector privado para conformar redes de empresas e conglomerados sectoriais.
- Non se promoveu unha cooperación empresarial compensadora da inexistencia de economías de escala, dada a escasa dimensión da maioría das empresas.
- Non houbo unha potenciación do papel industrializante das escasas grandes empresas existentes no país.
- Non se completaron ciclos produtivos co obxectivo de ampliar a cadea de valor, especialmente nos elos que implican a xeración dun maior valor engadido e gozan duna maior intensidade tecnolóxica.
- As medidas de promoción e fomento industrial convertéronse en políticas asistenciais clientelistas, e sitúan o noso país á cola do conxunto das “rexións” ou NUTS-2 en que se divide o espazo comunitario.

Sirva de exemplo que confirma a nosa crítica a política destes anos da Xunta de Galiza pois a Consellaría que ten responsabilidades nesta materia dispón soio duns recursos que supoñen un 2,35% sobre os orzamentos consolidados galegos, como se nada acontecera ou estivera a acontecer na industria no territorio galego. Se afondamos na xestión destes diñeiros públicos podemos ver a certeza das nosas críticas, porque o 75% do montante citado se emprega en facer transferencias as empresas e só un 14% á realización de investimentos.

A incapacidade do goberno galego para defender acaidamente os intereses do país cando hai que se enfrontar con decisións externas que afectan gravemente á nosa industria, no contexto comunitario, tamén se manifesta en moitos sectores industriais e supón unha suicida desindustrialización, a través diso que paradoxal e topicamente coñecemos agora como “deslocalización”, de xeito que empresas que recibiron substanciaosas axudas para a súa implantación e que logo de facer o negocio deciden pura e simplemente pechar as instalacións, abandonando á súa sorte aos traballadores e traballadoras ademais do seguinte dano a capacidade, a diversificación e consolidación do noso tecido industrial.

1 **Resolucións:**

- 2 **1ª** Defensa dos sectores produtivos galegos a través dunha política industrial activa orientada:
- 3 - Á ampliación do sector manufactureiro cun peso relativo no PIB galego inferior ao existente
- 4 en espazos avanzados.
- 5 - Ao crecemento económico e do emprego estábel e de calidade que nos permita superar a
- 6 taxa raquílica de ocupación galega.
- 7 - Á modernización a través do impulso de investimentos en desenvolvemento científico, tec-
- 8 nolóxico, da formación e da cualificación.
- 9 - A un equilibrio territorial consolidado nos sistemas produtivos locais.
- 0 **2ª** Defensa do incremento de recursos dirixidos á investigación, desenvolvemento e innovación,
- 11 evitando a súa histórica e actual concentración en Madrid. Apoio ás medidas de potenciación
- 12 da cooperación entre universidades e centros de investigación e tecnolóxicos públicos e priva-
- 13 dos. Incremento da participación galega nos diferentes programas de investigación científica e
- 14 tecnolóxica xestionados pola administración central.
- 15 **3ª** Desenvolver iniciativas dirixidas:
- 16 - Á exixencia dunha maior participación do SEPES na dotación de solo empresarial en Gali-
- 17 za.
- 18 - A unha maior participación galega nos fondos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para
- 19 actuacións de reindustrialización.
- 20 - Que nos fondos xestionados polo Ministerio de Economía para promover novos proxectos
- 21 empresariais, Galiza teña un trato prioritario.
- 22 - Que se corrixa o trato discriminatorio dado a Galiza nos fondos asignados no Plan de Carbón
- 23 1998-2005, xa que na actualidade están situados tres veces por debaixo do que nos corres-
- 24 ponderaría, e que se inclúan as comarcas mineiras do noso país na posíbel extensión deste
- 25 Plan temporal.
- 26 - Exixencia de que o nivel de investimentos estatais teña en conta as necesidades galegas, a
- 27 súa poboación relativa, o seu nivel de renda e o maior custo que a dotación de infraestruturas
- 28 produtivas e equipamentos sociais implica en Galiza.
- 29 **4ª** En relación coas grandes empresas presentes na economía galega, desenvolver unha estratexia
- 30 empresarial orientada aos peches dos ciclos produtivos, ampliando a cadea de valor xerada no
- 31 noso país, á implantación de departamentos de investigación e a promover o establecemento
- 32 de acordos con empresas subcontratistas e provedoras, locais e galegas co obxectivo de den-
- 33 sificar as relacións inter-industriais do noso tecido empresarial, acurtar os prazos de entrega e
- 34 mellorar a calidade dos produtos.
- 35 **5ª** Promover a conformación de redes de empresas de carácter horizontal, dada a limitada dimensión
- 36 da maioría das empresas que compoñen o tecido produtivo galego, impulsando a formalización
- 37 de acordos entre empresas, de carácter produtivo, comercial, tecnolóxico, de enxeñaría e des-
- 38 eño baseado na reciprocidade de vantaxes e na busca de sinerxias, contando coa participación
- 39 temporal da administración galega.
- 30 **6ª** Que calquera axuda dirixida a un proxecto industrial implantado no territorio galego obrigue a
- 41 un procedemento de garantías que, no caso de non ser cumprimentado, obrigue á restitución
- 42 do montante dos fondos nos casos de peche ou desprazamento de actividades.
- 43
- 44
- 45
- 46
- 47

9

Formación sindical

Desde o último Congreso da CIG, demos un impulso á formación sindical. Até ese momento a formación non era sistemática; cada comarca e federación facía algúns cursos durante o ano ou aproveitaba as asembleas para tratar temas máis “políticos” ou referentes á cultura e lingua, e poucos ou ningún referidos á historia.

Neste período quixemos dar un primeiro paso, fixar criterios e pór en práctica unha formación metódica, múltiple e que forneza coñecementos sobre os problemas de clase e a cuestión nacional, e coidamos que o conseguimos. Agora ben, o optimismo debe ser relativizado, porque aínda hai moito por facer e nos vindeiros catro anos fai falla un novo impulso.

No referente á publicación de libros coidamos que debemos realizar certas modificacións unha vez completada esta primeira etapa, na que acadamos un certo prestixio con autores e autoras significados na serie “Ter Razóns”.

No último ano, ademais de libros -que sempre teñen un límite de difusión, por múltiples motivos que non imos analizar aquí-, e de cursos para delegados e delegadas, abrimos novos eidos de traballo. Entre eles a serie “Documentos”, que pretende divulgar masivamente aqueles documentos que en poucas páxinas, e ilustradas con imaxes, poden fornecer de argumentos sobre un tema conxuntural en debate ou pensamento da central sindical. A de “Módulos”, que trata dun xeito aínda máis reducido e cun obxectivo máis concreto certos temas; un exemplo é o que se repartiu masivamente sobre a “Muller e o traballo” nos cursos de formación sindical. Así mesmo, entendemos que os libros nos que o principal soporte é a fotografía ou a reprodución de portadas, carteis ou outro tipo de documentos son un tipo de publicacións que debemos continuar a realizar, iso si, sen abusar destas edicións para evitar a repetición.

Con todo, a maior anovación, e da que esperamos bos resultados a curto prazo, é a edición de vídeo. Estamos nos primeiros pasos, aínda que entendemos que os resultados son moi positivos, mesmo sabendo que temos que corrixir aspectos como o do son ou o da falta de imaxes filmadas de feitos históricos mesmo moi recentes.

Durante os últimos anos realizamos, co gallo de conmemoracións diversas, debates e material sobre feitos históricos relevantes (aniversario de 1972; Galiza na sociedade de nacións, folgas xerais, etc.). Queremos seguir con estas conmemoracións xa que nos permiten recrear feitos históricos e ademais debater sobre temas actuais, e chegar a outros sectores sociais. Continuaremos organizando charlas e xornadas con intelectuais e dirixentes de prestixio, tanto nacionais como doutros países, xa que nos permiten elevar o nivel teórico e o coñecemento profundo doutras realidades e modos de actuar. Así e todo, debemos divulgar mellor a realización destes actos, xa que este foi o noso punto máis frouxo.

No que fai ao Centro de Documentación, temos moito material recollido, en gran parte dixitalizado, e mesmo algún del accesíbel na páxina web de FESGA. Nos vindeiros anos deberiamos arquivar e catalogar toda esta documentación e contar en Compostela cos medios necesarios para que os afiliados e afiliadas da central, ou os investigadores e investigadoras, poidan consultar esta documentación. Ademais temos que ampliar o número de documentos accesíbeis por internet, así como mellorar a presentación do sitio web. Para efectivizar moitos destes obxectivos, contamos agora coa Fundación do Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical de Galiza (FESGA). Queremos que FESGA sexa no futuro quen prepare e realice a maior parte das tarefas relacionadas coa formación sindical, o estudo e divulgación histórica, e o arquivo da documentación de que dispoña a CIG ou que nos sexa doada por entidades ou particulares.

1 **Resolucións:**

2 **1ª** Os resultados dos últimos anos coidamos que son positivos, mais fica moito por facer; para
 3 isto cómpre continuarmos cos programas en execución, tanto na realización de cursos como
 4 na edición de documentos, libros e vídeos documentais. Agora ben, entendemos que debemos
 5 ampliar a oferta temática, especialmente en horarios para que poida participar toda a afiliación
 6 nos cursos. Deberíamos realizar algún tipo de encontro anual para debater temas de interese
 7 xeral, coa asistencia de especialistas de fóra e do país, así como facer encontros nacionais para
 8 debater temas específicos da conxuntura.

9 **2ª** No referente aos libros, cómpre seguirmos coa edición de “Ter razóns”, aínda que primando os
 0 temas referidos ao país, especialmente de historia das organizacións sociais, aínda que cun
 11 menor número de publicacións anuais. Como compensación, teríamos que dar un maior impulso
 12 á serie documentos e de módulos específicos (xénero, mocidade, etc.), a libros baseados na
 13 reprodución de imaxes e, moi especialmente, á edición de vídeo. A edición de DVD tivo uns
 14 resultados moi positivos pola súa aceptación entre a afiliación, aínda existindo eivas na súa
 15 realización, que se irán corrixindo en futuros traballos. O noso maior reto é a divulgación.

16 **3ª** Nos materiais e vídeos que fagamos teremos como eixos a loita pola xustiza social e a liberación
 17 nacional; os problemas actuais, a consciencia histórica, a potenciación da nosa cultura e a
 18 defensa da lingua. Tamén coidamos que o 10 de Marzo, ademais de xornada histórica e reivin-
 19 dicativa, debера ser unha data na que o nacionalismo resaltase os seus principios e obxectivos,
 20 por exemplo, lembrando as loitas e accións que máis salientaron a este respecto durante o ano
 21 anterior. Así mesmo, ímonos centrar moito no documental histórico, como: “A Galiza sueva”,
 22 “Os irmandiños” “O Reino de Galiza e Galiza-León”, etc., e sobre aqueles conflitos laborais ou
 23 sociais que deixaron pegada ou dos que se poden tirar importantes ensinanzas: folga de La
 24 Unión; folga do metal de Pontevedra do ano 1994 e 1999; mobilización de Nunca Máis; a LOU,
 25 etc.

26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

10 Formación profesional para activos/as e desempregados/as

O actual sistema galego de formación profesional presenta unha gran cantidade de graves e serias deficiencias, que inciden de xeito notábel e decisivo na idoneidade e a operatividade deste para o correcto cumprimento dos seus fins, e que entre outras cuestións se caracteriza por:

- Deficiencia de recursos humanos e dotacionais: con especial incidencia na necesaria cobertura das necesidades de formación e actualización do profesorado.
- Escasa e inaxeitada oferta formativa: inadecuada planificación e descoordinación da oferta de formación profesional, actualmente incapaz de dar cumprida resposta ás necesidades de cualificación dos nosos entornos económicos.
- Deficiente cobertura territorial de centros e especialidades formativas.
- Escasos avances nos procesos de coordinación, complementación e integración dos tres subsistemas de FP (ocupacional, continua e regrada).
- Inexistencia de dispositivos eficaces para a atención preferente e específica aos colectivos máis desfavorecidos, en materia de cualificación e inserción profesional.
- Falla xeral de calidade e pertinencia do sistema de FP, especialmente no que atinxe aos procesos de seguimento e avaliación dos subsistemas que o configuran, así como dos seus procesos de converxencia, apreciándose así mesmo un fondo afastamento e desvinculación do sistema formativo co mundo produtivo.
- Carencia de dispositivos que impulsen dun xeito eficiente e operativo os procesos de formación e as prácticas profesionais nos centros de traballo.
- Inesistencia dun auténtico sistema integrado de información e orientación profesional e laboral.

Galiza necesita urxentemente dunha planificación coordinada, ordenada e racional das súas políticas de formación e emprego. Políticas públicas eficaces e eficientes, baseadas nun coñecemento exhaustivo das necesidades e realidade sociolaboral do noso país e enmarcadas dentro dun deseño estratéxico de desenvolvemento dos nosos sectores produtivos e da nosa estrutura económica territorial.

A formación profesional continua constitúe un instrumento de primeira orde para a adquisición de novas competencias profesionais (incremento da cualificación) e a reciclaxe permanente (actualización das cualificacións), debendo acadar e facilitar unha maior promoción e integración sociolaboral dos traballadores e traballadoras do noso país, unha maior calidade das condicións de traballo, e unha maior competitividade e desenvolvemento das nosas empresas e sectores produtivos.

O modelo de formación continua vixente na actualidade, aprobado polo Goberno español vía Real Decreto, do 1 de agosto de 2003, ten o noso rexeitamento máis absoluto porque supón unha maior centralización desta, porque nega a transferencia a Galiza dos recursos que lle corresponden, porque non garante os mecanismos de control e de transparencia necesarios para que eses recursos sexan empregados na súa totalidade á formación continua e a unha formación de calidade e porque se fai unha utilización discriminatoria das centrais sindicais nacionalistas á hora de acceder aos fondos destinados a esta actividade formativa.

1 **Resolución:**

2 **1ª** Seguimos a defender a necesidade dun Sistema Galego de Formación Profesional, integrado
 3 polos tres subsistemas actuais, de carácter público, gratuíto, democrático e participativo. Esta
 4 é a mellor garantía de que todos os traballadores e traballadoras poidan optar, en igualdade
 5 de condicións, a unha formación de calidade, adaptada ás necesidades actuais do mercado e
 6 de desenvolvemento económico do noso país, nunhas condicións de traballo estábeis para os
 7 formadores e formadoras e cun aproveitamento dos recursos máis óptimo e rigoroso.

8 **2ª** Defendemos a creación dun “Instituto Público Galego de Formación Profesional e Emprego”,
 9 participado polas principais organizacións sindicais e empresariais do noso país, que posúa
 0 autonomía orgánica e funcional e estea dotado dunha estrutura descentralizada achegada á
 11 nosa realidade, capaz de implementar os vindeiros Plans Galegos de Formación Profesional e
 12 Emprego e de xestionar, con transparencia, eficacia e eficiencia, a transferencia de competencias
 13 e fondos asociados da totalidade das políticas activas e pasivas nestas materias.

14 **3ª** Defendemos o dereito a un marco con plenas competencias en materia de formación profesional
 15 e emprego, que nos permita levar adiante as medidas políticas e iniciativas lexislativas que o
 16 noso país necesita nesta materia.

17 **4ª** Defendemos, mentres se manteña o actual modelo, o dereito da nosa central sindical a impartir
 18 formación profesional e non aceptaremos discriminación de ningún tipo a respecto do reparto
 19 e xestión dos recursos destinados a formación ocupacional e continua.

20 **5ª** Defendemos a transferencia inmediata a Galiza das competencias e da totalidade dos fondos
 21 asociados á formación continua que nos corresponden como país, en función da nosa poboación
 22 ocupada.

23 **6ª** Defendemos e necesidade de levar adiante a inserción sociolaboral das mulleres galegas,
 24 tamén, a través de facilitarlles a súa participación nos procesos de formación e cualificación e
 25 promovendo a súa promoción profesional.

26 **7ª** Defendemos un Sistema Galego de Avaliación, Acreditación e Certificación da competencia
 27 das traballadoras e traballadores galegos, tanto da obtida a través da formación ocupacional e
 28 continua como da obtida a través da experiencia profesional contrastada.

29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47

11

Relacións internacionais e cooperación

O capitalismo dispón de múltiples recursos e instrumentos para se manter como sistema hexemónico. Nesta fase hai trazos diferenciados aos de hai 30 ou 40 anos, pero por moitas mistificacións que queira facer o neoliberalismo dunha economía “global” onde todos e todas somos “interdependentes”, a verdade non é outra que a situación actual se acadou coa opresión para a maioría dos pobos e que a dominación se fixo xerando dor, destrución e morte. Malia os cambios, conserva a súa identidade e estrutura e segue coa súa función histórica na lóxica de acumulación de capital, por iso é imperialismo puro e duro. A globalización non é outra cousa que a consolidación da dominación imperialista na que os capitalismo periféricos teñen unha incapacidade real para exercer un mínimo control sobre os seus procesos económicos.

Non é de estrañar que estes cambios producidos a nivel mundial pero con diferentes intensidades en todos os planos (político, económico-social e cultural), tiveran e sigan a ter impacto no movemento sindical internacional que aínda na actualidade segue na procura dunha resposta estratéxica e organizativa que supere a fase obrigada na práctica dun certo resistencialismo e que, con moitas dificultades, mantén un espazo de loita contra o neoliberalismo.

Na actualidade hai tres Confederacións mundiais que a seguir describimos sinxelamente:

- A Federación Sindical Mundial (FSM), conformada inicialmente polos sindicatos do Bloque Socialista, foi perdendo espazo cando este desapareceu. Aínda mantén influencia en centrais de Latinoamérica, África, Asia e os países árabes, e nalgúns gremios agrupados nas unións internacionais sindicais (UIS), nas que se integran algunhas das federacións da CIG. Mantén posicións claramente antiimperialistas.
- A Confederación Internacional de Sindicatos Libres (CIOLS), que alongou a súa influencia coa afiliación de centrais dos países do centro e do leste de Europa; do Brasil; África do Sur e países africanos lusófonos. Nos últimos tempos suavizou os seus comportamentos hexemónicos coas demais internacionais e colaboracionistas co imperialismo. Nas estruturas gremiais tivo algo máis de apertura e cooperación mesmo con organizacións non afiliadas.
- A Confederación Mundial do Traballo (CMT), que mantén o seu espazo de influencia en diversas organizacións de Europa, Latinoamérica, Asia e África. Inicialmente de orixe cristiá, logo da 2ª guerra mundial manifestouse aconfesional e defensora dun sindicalismo contra poder e nos últimos tempos cun carácter manifestamente antiimperialista. Fixo axustes nos seus programas para que fose posíbel unha certa unidade de acción.

Tamén hai un conxunto de confederacións nacionais e de organizacións rexionais e sectoriais, entre as cales está a CIG, que non manteñen afiliación internacional. No noso caso, hai razóns fundamentadas na realidade política, cultural e sindical interna que nos levaron a manter esta posición ademais doutras externas (vetos) que nos impediron situarnos no escenario internacional. Aínda así, mantivemos estratexias de converxencia na acción así como colaboracións con todas as organizacións sindicais sobre bases concretas.

O sindicalismo a escala mundial está inmerso nun proceso de reestruturación que, de prosperar, alterará de modo substancial o escenario sindical internacional.

Dúas das tres Internacionais Sindicais (a CMT e a CIOSL) están a discutir a creación dunha nova Internacional Sindical (2006) que, previa disolución das dúas, se formaría cos membros de cada unha delas. Tanto unha como a outra teñen feito senllos chamamentos ás centrais sindicais non afiliadas a que se sumen a este proceso integrándose nel.

1 Paralelamente, outro sector do sindicalismo internacional, convocado pola Federación
 2 pan-chinesa de sindicatos, e apoiado pola FSM e algunhas internacionais rexionais, están
 3 a promover un foro de discusión e de propostas (coñecido como Foro de Beijing) acerca
 4 da globalización económica e os efectos sobre a clase traballadora a nivel mundial.

5

6 **Resolucións:**

7 **1ª.- Os principios que inspiran o modelo de globalización neoliberal están a ditar as normas polas**
 8 **que se rexen o comercio, as formas de produción e a economía internacional. Fronte a esta**
 9 **internacionalización, o movemento sindical está obrigado a intensificar as relacións bilaterais**
 0 **e multilaterais baixo a dupla premisa de solidariedade e respecto mutuo.**

11 **2ª.- O movemento altermundialista aglutina no seu seo a unha chea de organizacións e grupos sociais**
 12 **de moi diverso tipo que se opoñen ao modelo neoliberal. Os Foros Sociais e as mobilizacións**
 13 **supranacionais constitúen os dous referentes públicos máis relevantes deste movemento. A CIG,**
 14 **que vén participando nestas actividades desde que se iniciaron, considera de grande importancia**
 15 **este movemento mundial e continuará coa súa participación nel.**

16 **3ª.- Ano tras ano, a CIG afianza a súa presenza no ámbito internacional ao tempo que accede a**
 17 **novos escenarios nos que estaba ausente. Europa, Latinoamérica, África Lusófona e Mediterrá-**
 18 **neo Árabe constitúen as catro áreas que centran a maior parte da nosa actividade. O cada vez**
 19 **maior número de iniciativas internacionais nas que participa é un reflexo do afianzamento e do**
 20 **incremento da nosa presenza internacional. Este Congreso reafirma a devandita liña de traballo**
 21 **para os vindeiros catro anos.**

22 **4ª.- A CIG ratifica o seu especial interese no estreitamento das relacións coas centrais sindicais**
 23 **nacionais de Canarias, Catalunya e Euskalherria. De igual modo, as relacións da CIG co sindi-**
 24 **calismo portugués continúan a ser un obxectivo preferente de actuación.**

25 **5ª.- A CIG ratifícase nas anteriores decisións congresuais de manter con todas as internacionais**
 26 **sindicais, priorizando a FSM e a CMT, ao que sen dúbida contribúen os seus principios antiim-**
 27 **perialistas.**

28 **6ª.- A CIG, como central sindical non afiliada, seguirá con moita atención os distintos pasos que**
 29 **se están a dar no plano internacional. En relación á creación dunha nova internacional sindical**
 30 **será decisivo na nosa avaliación final que esta se constrúa sobre os principios de pluralidade e**
 31 **a democracia interna, de respecto á soberanía nacional dos pobos e que defenda os dereitos da**
 32 **clase traballadora. Polo que atinxe ao “Foro de Beijing”, a CIG considera conveniente participar**
 33 **activamente na súa elaboración e na celebración deste evento.**

34 **7ª.- O Congreso faculta expresamente ao Consello Confederal para decidir sobre as modalidades de**
 35 **relación e/ou afiliación internacional á vista da evolución dos acontecementos e dos intereses**
 36 **da propia CIG.**

37 **8ª.- A cooperación sindical internacional é expresión natural e consecuencia lóxica do internacio-**
 38 **nalismo e da solidariedade da clase traballadora. A CIG, que acaba de incorporar a cooperación**
 39 **ao traballo internacional, impulsará estas actividades de acordo aos mesmos parámetros que**
 30 **guían a súa actividade internacional.**

41 **9ª.- A nivel confederal potenciarase o Departamento de Internacional e a coordinación entre este**
 42 **e as distintas federacións con compromisos e responsabilidades nesta materia.**

43

44

45

46

47

12 Política de comunicación

Afirmar que a representatividade e capacidade de mobilización social da CIG non ten reflexo nos medios de comunicación é unha obviedade. Esta disfunción comunicativa responde á clara decisión política, tanto das administracións como das propias empresas informativas, de agochar todas aquelas manifestacións contrarias aos seus intereses. A isto hai que lle engadir a presión que exercen os grupos de poder económico, interesados en facer desaparecer calquera posicionamento discordante cos postulados neoliberais que defenden. Uns e outros apostan por un modelo de globalización para o que o pensamento único é ferramenta indispensable e os medios de comunicación a súa vía de introdución social.

Outra das ferramentas á que recorren os medios de comunicación, nomeadamente os de ámbito nacional, é á fragmentación da información, de forma que os conflitos que se producen nunha comarca son minimamente tratados na edición correspondente pero non son coñecidos no resto de Galiza. Deste xeito, impídese saber o que acontece no país no seu conxunto e redúcese a posibilidade de que se dean respostas coordinadas a problemas laborais comúns.

Sen esquecer a necesidade de manter abertas liñas de comunicación constante con eses medios, a pesar do papel que teñen adxudicado -e que se autoadxudican- como garantes do sistema, é indispensable reforzar os medios de comunicación propios. Do mesmo xeito, é fundamental que na planificación da acción sindical se teña en conta o elemento comunicativo tanto externa como internamente, para rendibilizar e publicitar o traballo sindical que se desenvolve diariamente no país.

Resolucións:

1ª Medios de comunicación propios

- **Garantir a periodicidade do “Tempo Sindical”, como soporte informativo básico para o conxunto dos afiliados e afiliadas, combinando a necesaria información sobre a acción sindical, coa análise e posicionamento da nosa central sindical a respecto da situación social, política e económica de cada momento.**
- **Garantir a edición periódica do “Avantar”, como instrumento de análise, debate e formación de cadros sindicais.**
- **Seguir consolidando a páxina web como medio de comunicación tanto interno como externo, tratando de actualizar diariamente os contidos. Para iso, é imprescindible a implicación de comarcas, federacións..., que deben asumir nesa planificación da súa acción sindical o plano comunicativo para mellor rendibilizar e publicitar o seu traballo.**
- **Manter a edición do “Boletín Sindical” para tratar aqueles temas de máis actualidade que precisan ser publicitados coa maior inmediatez posíbel dada a súa relevancia.**
- **Garantir un axeitado tratamento de toda a propaganda que se produza -panfletos e demais- que deben ser concibidos como un elemento informativo fundamental para dar a coñecer os nosos posicionamentos en todos aqueles conflitos nos que participemos. A propaganda directa debe estar integrada, polo tanto, na planificación da acción sindical.**
- **Favorecer e mesmo promover iniciativas sociais que garantan a creación de medios de comunicación alternativos.**

2ª Medios de comunicación externos

- **Seguir insistindo na necesidade de que se incremente a cobertura informativa da CIG, de acordo co seu peso na sociedade galega, abrindo liñas de comunicación directa e constante**

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____
- 6 _____
- 7 _____
- 8 _____
- 9 _____
- 0 _____
- 11 _____
- 12 _____
- 13 _____
- 14 _____
- 15 _____
- 16 _____
- 17 _____
- 18 _____
- 19 _____
- 20 _____
- 21 _____
- 22 _____
- 23 _____
- 24 _____
- 25 _____
- 26 _____
- 27 _____
- 28 _____
- 29 _____
- 30 _____
- 31 _____
- 32 _____
- 33 _____
- 34 _____
- 35 _____
- 36 _____
- 37 _____
- 38 _____
- 39 _____
- 30 _____
- 41 _____
- 42 _____
- 43 _____
- 44 _____
- 45 _____
- 46 _____
- 47 _____

coas direccións dos medios e xefes e xefas de sección, non só desde o Gabinete de Comunicación Confederal, senón tamén desde as distintas estruturas da central sindical.

3ª Formación

- Afondar na formación en técnicas e estratexias de comunicación de cadros sindicais, de acordo coas necesidades específicas da acción que desenvolvan.

13 Normalización do idioma e cultura nacionais

1
2
3
4
5
6
7
8
9
0
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
30
41
42
43
44
45
46
47

O sindicalismo nacionalista, desde o seu xurdimento, vén desenvolvendo un papel de defensa e potenciamento do noso idioma e cultura nacionais, tanto no noso ámbito normal de actuación -o mundo laboral- como no seo da sociedade galega no seu conxunto. Buscar, polo tanto, un espazo de normalidade para a lingua e cultura galegas foi, e segue a ser, un obxectivo para a nosa central sindical, nun contexto ademais no que o español é expresión inequívoca do poder e exerce sen dúbida ningunha ese rol. Rol que se ve agudizado pola perseveranza dunha ideoloxía de Estado, españolista e uniformizadora, que traspasa as propias expresións políticas dos partidos que xogan á alternancia de Goberno (PSOE e PP) e impregna a totalidade de estruturas de poder do devandito Estado (poder xudicial, medios de comunicación, administración...).

É por iso polo que cómpre termos presente que o combate cultural, en defensa do noso idioma e cultura, é de grande importancia, porque tamén sinala unha fronteira entre quen defende os dereitos nacionais de Galiza e quen, pola contra, segue a reservarlle ao noso país un papel secundario ou marxinal. A patronal galega, agás moi contadas excepcións, participa plenamente desta segunda concepción do noso país. Resulta preocupante esa falta de compromiso do empresariado galego coa lingua e cultura de Galiza, o que é senón reflexo dunha mentalidade e sensibilidade que dificilmente concibe a existencia da realidade nacional galega.

En paralelo a esta actitude mantida pola patronal galega respecto do noso idioma e cultura, o sindicalismo estatal que opera no noso país (nomeadamente CCOO e UGT) tampouco se distingue polo seu compromiso con Galiza, o que se reflite nuns usos idiomáticos en que a lingua galega é subsidiaria da española e nunha concepción cultural en que o galego non é algo que ocupe nin moito menos un lugar central.

É certo tamén que nos últimos anos se teñen producido certos avances na presenza do galego como lingua normal nas relacións laborais, moitos dos cales son debidos á presión e á coherencia que mantén a nosa central sindical. O incremento do uso do noso idioma na negociación colectiva, unha maior presenza en lugares como o SMAC ou o seu emprego nos Xulgados do Social son aspectos que se deben salientar, e nos que cómpre repetir que a nosa central está a ser o elemento de estimulación para esas conquistas de novos espazos para a nosa lingua. Nese sentido, é ben salientar o atinado da decisión que no seu día se tomou de crearmos un departamento específico na central sindical, o de normalización lingüística.

Con todo, aínda é preciso por parte da nosa central un traballo e un esforzo maiores en prol da reivindicación constante do noso idioma e cultura, e de ir gañando máis e maiores espazos de normalidade lingüística e cultural. Aínda sendo conscientes do nulo papel galeguizador da Administración, ou precisamente por iso, non debemos decaer nin recuar na exixencia dunha galeguización máis profunda do mundo laboral, polo tanto das relacións laborais, dos centros de traballo e de todas aquelas dinámicas que nos atinxen no día a día como central sindical.

Temos que ser quen de mantermos un esforzo sostido nesa dirección, denunciando toda clase de discriminacións que se produzan por empregar o galego, impulsando campañas e outras actuacións que garantan maiores cotas de utilización da lingua galega no mundo laboral e potenciando dentro e fóra da central sindical os usos normais do noso idioma nas máis diversas facetas.

Resulta de suma importancia nun momento como o actual, en que se vén percibindo certa relaxación na defensa do noso idioma e cultura e no que o nivel de penetración do

1 español acada niveis preocupantes, que desde o sindicalismo nacionalista que representa
 2 a CIG se asuma a centralidade da reivindicación lingüística e cultural, como inherente ao
 3 proxecto de carácter emancipador, nacionalista e de clase, que mantemos. E é por iso polo
 4 que para os vindeiros anos debemos ter claro que esta é unha vía de traballo fundamental
 5 e que debemos seguir a impulsar, como xa o vimos facendo desde sempre.

6

7 **Resolución:**

8 **A CIG redobrará os seus esforzos en prol do noso idioma e cultura, na procura dunha maior**
 9 **extensión do proceso de normalización lingüística e cultural, tanto no mundo laboral como no**
 0 **conxunto da nosa sociedade.**

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

14 Áreas de traballo específicas

17 A pretensión de conformar unha estruturación activa e de intervención para a mocidade
 18 neste Congreso baseámola na análise que facemos da capacidade que teñen os mozos e
 19 mozas para a acción e loita sindical ademais da convición que temos na CIG por ir reno-
 20 vando cadros en todos os niveis. A devandita estruturación ten como obxectivo desenvolver
 21 iniciativas e accións concretas sobre os problemas da mocidade traballadora, das súas
 22 reivindicacións e aspiracións.

23 Así tamén, pretendemos impulsar unha nova dinámica na central sindical para que a
 24 dimensión da igualdade a integremos na formulación da análise, propostas e reivindicacións
 25 porque acreditamos que esta é unha materia de incidencia e tratamento transversal.

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

1 Política de xénero e igualdade.

Traballar desde o enfoque de igualdade de xénero

31 A perspectiva de xénero é un instrumento que permite coñecer os motivos que obs-
 32 taculizan a participación equilibrada de mulleres e homes, sacando á luz os verdadeiros
 33 motivos e as consecuencias sobre as que se debe intervir para conseguir a igualdade de
 34 oportunidades.

35 Asumindo o enfoque de xénero en todas as accións levadas a cabo desde o sindicato,
 36 é imprescindible para analizar cuestións relativas ao desenvolvemento sindical en termos
 37 de igualdade, benestar e calidade de vida, evitando excluír as mulleres e considerando cal
 38 será o efecto.

39 A igualdade de oportunidades é a participación equilibrada das mulleres e os homes en
 40 todos os ámbitos da sociedade. O seu principal obxectivo non é beneficiar exclusivamente
 41 ás mulleres senón á sociedade no seu conxunto, significando unha ruptura coa asignación
 42 de roles tradicionalmente femininos e masculinos.

43 A transversalidade é unha estratexia política global que fundamentalmente se basea na
 44 necesidade de introducir e aplicar medidas concretas (accións positivas) que contribúan a
 45 mellorar a situación actual das mulleres no ámbito sindical.

46 Ten que haber unhas condicións de partida para que se dea a integración da igualdade
 47 de xeito transversal nas políticas globais dun sindicato.

Resolucións:

- 1ª Debe existir un compromiso claro por todas as partes.
- 2ª Utilizar unha linguaxe non sexista.
- 3ª Realizar un estudo no que se analice a situación das mulleres e homes.
- 4ª Promover a formación en materia de igualdade de oportunidades.
- 5ª Fomentar a coordinación entre seccións e secretarías.
- 6ª Fomentar a participación das mulleres na toma de decisións.
- 7ª Aplicar actuacións de sensibilización.
- 8ª Elaborar un Plan de Igualdade que rexa as actuacións do sindicato nesta materia.

2 A mocidade

Sempre tivemos o convencemento de que a nosa alternativa sindical precisaba construír un espazo de autoorganización da mocidade traballadora, pero temos que recoñecer que, a día de hoxe, non temos acadado este obxectivo. Partir da consideración de que a mocidade fose un colectivo autónomo dentro da central sindical, para actuar con entidade propia diante da súa problemática laboral, con campañas específicas e dinámicas diferenciadas do resto da CIG, non foi un acerto, pois supuxo deixar esa responsabilidade en exclusiva deste traballo nos mozos e mozas.

O tempo ten demostrado que, se realmente queremos enfrontar esta cuestión, debemos movernos noutra perspectiva e facelo sobre unha base consolidada dalgunhas das estruturas actuais da CIG, como é a territorial, nas cales a mocidade traballadora ten que ter o seu espazo e logramos que a súa problemática se converta nun dos eixos na acción sindical do conxunto da central sindical, porque afastada da estrutura da CIG non vai ser posíbel manter unha liña de actuación sindical consistente e perdurábel.

Neste senso ten extraordinario interese concretarmos que o obxectivo estratéxico perseguido con este novo impulso que no 4º Congreso queremos dar á constitución da CIG-Mocidade, nón é outro que facer unha escola de activistas para o presente que prepare a mocidade para as diferentes responsabilidades en todas as estruturas da Confederación.

A situación da mocidade traballadora é hoxe realmente difícil, cunha situación laboral que tende a precarizarse paso a paso, e cunha lexislación nesta materia cada vez máis regresiva para o conxunto da clase traballadora pero especialmente para ela, que accede a un posto de traballo (contratos-lixo, ETT, eventualidade, etc.), e malia todo temos moitas dificultades para aproximarnos a este sector da poboación que vive máis directamente as consecuencias do capitalismo salvaxe que estamos a padecer, así como a dar resposta aos problemas cos que se enfronta.

A mocidade ten demostrado a súa potencialidade tanto en conflitos sectoriais como nas folgas xerais, aínda que tamén existe unha certa desmotivación por parte dos traballadores e traballadoras mozos debido á política de regresións dos dereitos laborais e do intento de hexemonizar valores tales como a individualidade tanto na sociedade como nas fábricas. Temos a necesidade de superar esta situación obxectiva se queremos que a capacidade combativa da mocidade non quede anulada. É por iso polo que a nosa alternativa sindical debe facer esforzos formativos permanentes partindo da base de que para que sexa posíbel unha transformación social ou mesmo para acadar conquistas fronte á patronal e o goberno, a loita colectiva é a chave. Temos que analizar e debater nas fábricas e noutros foros, a relación causa-efecto e as responsabilidades de cadaquén na situación herdada hoxe,

1 ___ pola cal as novas xeracións que se incorporan ao traballo o fagan en peores condicións
2 ___ que as anteriores.

3 ___

4 ___ **Resolucións:**

5 ___ **1ª** Constituírmos a CIG-Mocidade nun prazo máximo de 12 meses, como estrutura activa, de inter-
6 ___ vención e mobilización de acordo coas normas estatutarias.

7 ___ **2ª** Priorizaremos plans de formación para os mozos e mozas, que permitan unha visión da realidade
8 ___ moito máis ampla da propia problemática, nos que ademais dos principios da organización, como
9 ___ poden ser o nacionalismo, o sindicalismo de clase, a autoorganización, o pluralismo, etc.,
0 ___ integremos tamén aqueles que teñen unha incidencia directa na realidade económica, social e
11 ___ cultural do país.

12 ___ **3ª** Os espazos de coordinación funcional con que se dotan nas comarcas e a nivel nacional teñen
13 ___ como misión realizar unha análise e facer un seguimento constante da realidade laboral, para
14 ___ dotar o noso sindicato de alternativas claras e contundentes neste grupo social, situado hoxe
15 ___ no centro das políticas de precariedade e das agresións do sistema capitalista.

16 ___ **4ª** Ser os principais protagonistas da realización de campañas específicas para presentar as
17 ___ propostas da CIG á mocidade traballadora, organizala no sindicato ou dar loitas concretas que
18 ___ lle afecten directamente, como por exemplo: política de vivenda, bolsas de estudo, modelos de
19 ___ contratación, etc. Así tamén deben existir preocupación por actuar nalgúns dos campos onde a
20 ___ mocidade ten estrutura asociativa.

21 ___ **5ª** Constituír grupos de apoio nos conflitos nas distintas comarcas como parte da formación e
22 ___ garantir unha presenza importante da mocidade traballadora en mobilizacións e actos públicos
23 ___ da nosa central, así como na negociación colectiva e nos procesos de eleccións sindicais.

24 ___ **6ª** Formar parte dos organismos de dirección aos distintos niveis.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com